

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2007.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do día vinte e cinco de outubro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión ordinaria e primeira convocatoria e de acordo co cambio de data aprobado polo Concello Pleno o día 28.09.07, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, Dna. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asiste, con escusa, o concelleiro D. Moisés Rivadulla Fernández.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN REALIZADAS OS DÍAS 13.09.07, 21.09.07 E 28.09.07.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria de 13.09.07 e á da sesión extraordinaria urxente do 21.09.07.

Así mesmo, por doce votos a favor e unha abstención - do sr. Alcalde, por non ter asistido á mesma - acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria do 28.09.07.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Ao amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, propónse a inclusión, por razón da urxencia, dos seguintes asuntos:

- Polo concelleiro de urbanismo e industria, sr. Bouza Rey:

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN. REVISIÓN E ADAPTACIÓN Á LEI 9/2002.

Sr. Bouza Rey: Nós queremos meter por urxencia, dado que remata o prazo o 31 deste mes para facer a inscrición da petición da revisión do plan, unha subvención que ven da Consellería de Política Territorial, para, como dixen, facer unha revisión puntual do plan.

Sr. Alcalde: Non é unha revisión puntual senón que é unha revisión do plan.

- Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE RELATIVA AO DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO E REGANOSA PARA A CONSTRUCCIÓN DO MUSEO ARQUEOLÓXICO.

Sr. Fernández Ameneiro: O grupo socialista vai presentar unha moción para solicitar que se desenvolva o convenio asinado entre o Concello e Reganosa para a construción do museo arqueolóxico, convenio asinado no ano 2002.

Tras a exposición dos motivos que xustifican a urxencia dos asuntos antes relacionados, o Concello Pleno, por oito votos a favor (3 PSOE, 3 PP, 1 EU-IU, 1 IPM) e catro abstencións (4 BNG) e, polo tanto, co quórum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE RELATIVA AO DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO E REGANOSA PARA A CONSTRUCCIÓN DO MUSEO ARQUEOLÓXICO, incluílo na orde do día e tratalo, como punto núm. 14, antes de rogos e preguntas.

Así mesmo o Concello Pleno, por unanimidade e, polo tanto, co quórum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN. REVISIÓN E ADAPTACIÓN Á LEI 9/2002, incluílo na orde do día e tratalo, como punto núm. 15, antes de rogos e preguntas.

2.- ADQUISICIÓN DE TERREOS CINE ZÁRATE: ESPECIFICACIÓN DO CARÁCTER DOS BENS.

Sr. Alcalde: Isto xa veu á sesión dun pleno extraordinario, o que pasa é que é necesario facer constar no acordo algo que non ía recollido no outro acordo; entón hai que facer constar que o ben que imos adquirir vai ser un ben patrimonial para uso público.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós manifestar que non é que vaiamos votar en contra de que se incorpore este punto para que o carácter do ben sexa patrimonial e, polo tanto, se incorpore ao patrimonio público do solo, senón que votamos en contra en función do voto en contra do pleno do 21 de setembro e contrario á adquisición do inmovible, non en contra do que pode significar a incorporación do punto número 4, e só recordar, o digo polas manifestacións que saíron á últimos de setembro en numerosos periódicos, que a compra é cunha subvención de carácter finalista e para a construción dun centro de día en todos os terreos.

Ultimado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, en votación ordinaria, por dez votos a favor (4 BNG, 3 PSOE, 3 PP) e dous votos en contra (1 EU-IU, 1 IPM), acorda prestar a súa aprobación á proposta da alcaldía e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Engadir ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria urxente realizada o día 21 de setembro de 2007, o seguinte apartado:

Cuarto.- Especificar que as fincas adquiridas teñen o carácter de bens patrimoniais e incorpóranse ao patrimonio público do solo e, dada a finalidade para a que se adquiren - construción dun Centro de Día - e que a adquisición conta cunha subvención de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, destinada á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, van ser destinados a un dos fins previstos no artigo 177.1 c) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

3.- CREACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

Sr. Alcalde: Esta é unha proposta que ven ditaminada de comisión con cinco votos a favor, é dicir, doce votos a favor e unha abstención de Esquerda Unida para a creación do servizo de protección civil municipal. Os grupos que queiran intervir...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós imos modificar o noso voto con respecto á comisión, imos votar a favor unha vez revisada toda a documentación e requirida a información precisa. Consideramos ademais que non hai que renunciar ás subvencións que nos teñen concedido e, polo tanto, imos votar a favor da creación do servizo municipal de protección civil aínda que sexa un traballo a posteriori e que probablemente se tería que ter feito previamente a petición de subvencións. En todo caso nós votaremos a favor.

Sr. Alcalde: Grazas, ten a palabra o portavoz do grupo popular.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, nós xa dixemos na comisión pertinente que iamos votar a favor, pero nos preocupan varias cuestións. Eu creo que o tema de protección civil é un tema interesante e a estas alturas aínda máis, pero o que non pode ser é que concretáramos un grupo, unha asociación como se ven configurando nos últimos anos, nun devir de voluntarios sen medios nin moitos recursos, como se ven dando nos últimos anos; me gustaría ademais como ven sendo a orde de facturas que se van derivando neste concello, tampouco queremos que se converta nun fondo no que o Concello teña que gastar uns recursos ilimitados para non se sabe moi ben qué funcións vai desempeñar e o digo porque está ben que se cree o grupo de protección, pero hai que darlle unha serie de significacións máis alá do que poida vir, e a maiores nós pediríamos tamén que exista unha partida orzamentaria específica para o grupo de protección civil porque se están derivando gastos procedentes da alcaldía, gastos procedentes de distintas concellerías e eu creo que isto non pode ser en todo caso, pois unha cousa que supoña unha desfeita orzamentaria. Nós pediríamos, en todo caso, que haxa unha xestión económica específica para o grupo de protección civil, cun responsable, en todo caso, dos gastos e que poda estar sometida á consideración do pleno si este o requirira nalgún momento. Nada máis.

Sr. Alcalde: Ben, en todo caso, para aclaración un pouco, dicir que unha cousa é a agrupación de voluntarios de protección civil e outra cousa é o grupo municipal de protección civil. Son dúas cousas diferentes, pero é un requisito indispensable que dentro do Concello haxa persoal do Concello que estea integrado no grupo municipal porque como Concello temos a obriga de ter este tipo de grupo de protección civil. En todo caso estes grupos de protección civil actúan voluntariamente, como se di; evidentemente teñen unhas partidas moi pequenas para sufragar algúns gastos, por exemplo de bebida ou de bocadillos, polo tanto non creo que sexa un gasto esaxerado nin despilfarrado porque ofrecen un gran servizo á cidadanía, e gratis. Entón, se non hai máis palabras, pasamos á votación.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada polo Concelleiro de servizos, obrante no expediente e que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DE CREACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

A protección civil é un dos servizos que poden prestar os municipios, estándolles atribuída dita competencia nos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

na Lei de Protección Civil, lei 5/1985, do 21 de xaneiro, e demais normativa de aplicación na materia (R.D. 407/1992, do 24 de abril e Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

De acordo coa citada normativa e co fin de dotar ao Concello do citado servizo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Crear o servizo municipal de protección civil.

2.- Que se estude na Comisión de Servizos e Persoal o persoal que se vai adscribir a dito servizo.”

4.- CREACIÓN DUNHA ÁREA DE LECER EN PONTELLAS.

Sr. Alcalde: Isto é algo que foi xestionado dende a alcaldía e chega o momento de poñer en práctica a xestión que fixo a alcaldía diante da Consellería de Medio Ambiente; entón, existe a posibilidade, como nolo comunica o Conselleiro de Medio Ambiente, de asinar un convenio para crear esta área de lecer en Pontellas e Roibeiras, e nos piden unha serie de cousas que teñen que ser, unha serie de requisitos, que teñen que ser aprobados polo organismo competente, que neste caso é o Pleno. En todo caso dicir que a Consellería ten previsto a sinatura dun convenio e o Concello o que ten que poñer é a disposición da Consellería de Medio Ambiente os terreos necesarios ademais da renuncia expresa a reter da aportación do Concello calquera tipo de tributo por motivo das obras porque vai ser a Consellería quen vai facer as obras, coa súa subvención, e logo que o Concello asuma, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación, o mantemento desta área de recreo, e, polo tanto, tamén autorizar ou facultar ao alcalde-presidente para a sinatura deste convenio.

Xa digo, esta é unha xestión que se fixo dende a alcaldía e como requisito para poder facela temos que tomar o acordo destas tres cousas e autorizar ao alcalde para asinar o respectivo convenio. Todos os grupos que queiran intervir... palabras? Ben, un pouco pola orde que me din aquí ao oído, que non os vin levantar a man, imos seguir a orde, ten a palabra a portavoz de Esquerda Unida.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós despois de ter recabado máis información da que se nos ofreceu na comisión de facenda do luns, que foi pola que pasou, nós temos bastantes dúbidas en torno a que se poidan cumprimentar os condicionantes para a formalización do convenio, dado que este terreo foi adquirido grazas, entre aspas, ao convenio co Castelo da Palma para a modificación puntual e, polo tanto, é cambiar o sistema xeral que ten o Castelo da Palma, creemos que non pode cumprir os condicionantes que marca a Consellería e, polo tanto, con todas estas dúbidas urbanísticas imos esperar a ver o que din os demais grupos pero temos bastante dúbidas de poder votar a favor.

Sr. Alcalde: Ben, ten a palabra o portavoz do grupo popular.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós simplemente tamén consideramos, temos considerado o tema do convenio, pero máis alá do convenio eu creo que sempre chegamos a estes debates nos plenos, plenos ordinarios, plenos extraordinarios, na que o grupo de goberno sempre fai cousas boas para Mugardos e a oposición estamos aquí para votar que non ao que favorece a Mugardos, eu creo que teremos que superar ese debate algunha vez, e xa advertimos unha vez dende este grupo, deste que lles fala, que o grupo popular ao menos non está aquí para levantar a man ao que diga o grupo de goberno sen contar con el, se lle advertiu unha e outra vez que vostedes gobernan en minoría e vostedes están obcecados en non querer mirar temas

interesantes para Mugar dos coa oposición que está aquí sentada; eu creo que quedou claro a vontade do alcalde por non levar a debate certos temas, un é o de Pontellas que si ben é un área de lecer, como todos sabemos, nós non consideramos que sexa o sitio adecuado para facelo, entre outras cousas porque non hai poboación, apenas hai poboación alí e a inversión que se quere facer está moi ben que sexa financiada ao cen por cen pola Xunta de Galicia, pero en todo caso vai servir para que nuns meses estea abandonada, podendo estar noutras zonas onde si se merece outro tratamento. Nós estaríamos dispostos, en todo caso, a que si na comisión correspondente se tivera falado con todos os grupos e houberamos chegado a un acordo, independentemente de que estivéramos de acordo co que nós houberamos querido, simplemente un, que creo que hai zonas urbanas onde é máis necesario e, dende logo, estanse deixando outros parques nunha deixadez bastante importante e non se contou con nós nin sequera para saber si Pontellas é o sitio adecuado. Nós creemos que ven a enmascarar que se fixo un cambio duns terreos que hai que facer algo con eles e aproveitando que a Xunta da o cen por cen pois hai que facer algo alí. Nós consideramos que hai moitas actuacións que hai que facer, hai moitos parques, hai moito mantemento, pero sobre todo a oposición non ven aquí a dicir que si ou non, sobre todo porque non se nos pediu a opinión, e como non se nos pediu a opinión, e nós xa advertimos que en caso de non darnos a opinión nós non apoiaremos os proxectos, eu creo que despois da advertencia veñen as consecuencias, nós somos consecuentes ata o final, polo tanto imos votar en contra e imos votar en contra convencidos ademais do que facemos, unha porque non consideramos que sexa o sitio adecuado, dous, porque non se conta coa oposición para nada, absolutamente para nada, e terceiro porque consideramos que hai outros puntos máis fundamentais para facer esas actuacións. Nada máis que dicir.

Sr. Fernández Ameneiro: Unha vez máis o goberno municipal trae a pleno unha obra, neste caso a construción dun parque en Pontellas sen que pasara por comisión e, polo tanto, sen escoitar a opinión nin as propostas dos grupos da oposición. O grupo socialista considera que a ubicación non é a máis axeitada por atoparse nun humedal, moi alonxada, e que apenas é visitada salvo nos meses de verán; consideramos que no noso concello hai outros lugares para investir unha cantidade tan importante de cartos. A modo de exemplo, o parque de Beiramar, que na actualidade se atopa nun estado de abandono absoluto, sería unha zona idónea para realizar unha inversión deste tipo. De todas maneiras, dende o grupo socialista estamos dispostos a estudar todas as propostas que se presenten por todos os grupos e o seu estudo en comisión para consensuar unha delas e non unha imposta. Polo tanto, o grupo municipal socialista vai votar en contra.

Sr. Alcalde: Grazas, sr. Fernández.

Sr. Bouza Rey: O grupo BNG, como BNG e como grupo de goberno, vai votar a favor, e claro que non se discutiu en comisión, se deu conta na comisión do luns, como ben dixo a sra. Pilar, pero tamén eu penso que hai que facer algunhas reflexións, non? Poñer, segundo algún grupo político, a chulería deste equipo de goberno con este alcalde á cabeza..., antepoñer o que poda ser un parque para os veciños e veciñas da zona de Simou, da zona de Roibeiras, da zona, incluso, do Cristo, da zona, como ben se dicía no verán transitada por moita xente, a esta chulería, pois ben..., cada un terá que responder a quen ten que responder, a subvención nós pensamos que é para esta zona porque afortunadamente, ou desgraciadamente, é unha inquietude deste goberno municipal pensar en que non soamente son as zonas moi urbanas, como

Mugardos, senón que existen outras, e, curiosamente, onde propoñemos o grupo de goberno é nunha zona que neste momento non ten ningunha, e, claro, facer aquí tamén de futurólogo dicindo que o imos facer e vai quedar abandonado, pois ben..., xa estaremos aquí, me imaxino, para recordarnos que haberá que limpalo, haberá que acondicionalo, pero de momento queremos que conten os veciños e veciñas daquela zona con ese parque, que é importantísimo, non soamente o que vai ser o parque, senón o acondicionamento dun bosque, me atrevería a dicir centenario, é dunha zona preciosa para facer esta intervención. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Eu, en todo caso, quixera dicir tamén algo un pouco para clarificar cousas e si a xente quere intervir noutra volta pois non pasa nada, pero un pouco para clarificar porque aquí penso que se fala a veces e non..., sen reflexión ningunha, e a min me parece que cando se discuten cousas importantes e cando falamos de diñeiro tamén polo medio temos que falar cousa legal; hai que dicir que isto está aquí a entrada no rexistro, non é unha cousa que leve aquí tres meses ou catro meses, ten a entrada de rexistro, e por fax ademais, e a entrada de rexistro é do 8 deste mes; tamén é verdade que se fixo unha reunión de portavoces antes, onde se explicou a todos os portavoces o que había, e ben..., dicir así en abstracto “eu penso que hai terreos noutras partes”, pois a min me parece que non hai ningún terreo de 9.000 m², como é esta área, 9.000 m² non hai en ningunha parte, e dicir tamén que “se poden facer outras moitas actuacións”, para isto se pode facer esta soa, esta soa e o sitio adecuado, eu creo que son opinables, para min é o sitio máis adecuado e para outras persoas tamén, e para outras non o será, pero as grandes áreas de lecer non están nos centros urbanos; home, o Retiro de Madrid está, pero o Retiro de Madrid non o fixeron antonte. Ao mellor dentro de vinte anos se da a circunstancia de que está no centro urbano de Mugardos a área de Pontellas e de Roibeiras porque non hai que esquecer que a 200 metros está a urbanización de Mahía e creo que o pobo de Mugardos non vai crecer aquí no casco, vai crecer cara a fóra; polo tanto, eu creo que é un sitio ideal.

E logo atreverse a dicir que Beiramar está abandonado, recordarlle ao concelleiro do partido socialista que Beiramar é privado, e me parece que investir diñeiro público nun sitio privado pois me parece un pouco atrevido, pero ben..., as opinións, como somos libres de dicir o que queiramos, podemos dicir o que queiramos.

Imos ver..., eu non teño ningún problema, se non se firma o convenio pois non se firma, pero é que non temos outro sitio para facer unha área de lecer deste tipo, onde se van, polo menos tal como se contempla nesta memoria que se fixo rapidamente, despois dunha xestión feita co Director Xeral de Medio Ambiente, de protección da natureza, pois contempla xogos para os máis pequenos, contempla elementos para actividades para as persoas maiores para mantemento físico, contempla barbacoas, contempla bancos, alumeado, e incluso replantación de árbores autóctonos, en nove mil metros cadrados, con paseos, con sendeiros marcados por el para pasear, hai un río mesmo que está..., un regato, é certo, o regato de Pontellas e, polo tanto, eu creo, ao meu entender, que é unha cousa boa, nós non temos que poñer nada, soamente dispoñer eses terreos que están aí, e logo o mantemento, efectivamente, e dicir que dentro de pouco estará abandonado, pois ao mellor neso nos pasará factura o pobo de Mugardos, se temos desidia e non facemos ben as cousas nos pasará factura, e agardo que se nos castiga a nós e os premia a vostedes, sr. Juan Domingo, pois se preocupe de limpalas despois.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós para clarificar, porque neste caso non entramos nos prazos, nós creemos que é imposible cumprir os condicionantes para a formalización do convenio dado que non está aprobada a modificación puntual definitivamente, ése é o noso

criterio, e que, polo tanto, non se pode acoller ao convenio para poder facer a proposta, por certo, memoria que é de xullo de 2007, tiña razón o alcalde que o fax chega o 8 de outubro, a memoria do que é Pontellas é de xullo de 2007, previamente a memoria non pasou por ningunha comisión, e neste caso nós non estamos plantexando iso, estamos plantexando o convencemento de que non se pode chegar á sinatura e, polo tanto, cumprir as condicións que pon a Consellería dado que non está aprobada definitivamente a modificación puntual. Eu só un recordatorio, sen entrar en ánimo de polémica, porque agora xorden moitas circunstancias en torno aos terreos, eu quero lembrar que o BNG na anterior corporación estaba en minoría e que estes terreos son froito da sinatura do convenio do Castelo da Palma e que, polo tanto, haberá algún grupo máis implicado, dese convenio ven que foran eses terreos e non que se utilizara outra modalidade, que era que o castelo comprara os terreos e os puxera a disposición do Concello, e cousas que xa debatemos; entón nós nese proceso tiñamos votado en contra o mesmo que na Mesa de Contratación, pero lembro que o BNG estaba en minoría e que alguén máis apoiou que eses terreos a día de hoxe foran terreos municipais; non vou a dar aquí agora as votacións, porque non pensei que fora a saír este tema, pero tiña catro concelleiros e, polo tanto, requiría unha maioría de sete, quen teña algunha responsabilidade máis, que a asuma. Nós diferenciar que creemos que é imposible o cumprimento e que, polo tanto, por iso o noso voto non vai ser favorable, non por entrar en ningunha outra polémica.

Sr. Alcalde: Soamente unha aclaración, Pilar, efectivamente a modificación non está feita, pero se poden facer este tipo de actuacións en solo rústico; se poden facer en base a zonas de interpretación da natureza.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver..., eu non sei si ten unha caducidade, que haxa que asinalo mañá, e o acordo plenario teña que ser mañá; en todo caso, nós, si hai un informe legal que di que é compatible e que cumpre todas os condicionantes do convenio e, polo tanto, se pode asinar, nós votaríamos favorablemente.

Sr. Alcalde: A ver, o convenio non ten nada que ver. Imos ver..., os terreos son nosos xa, se cumpra ou non se cumpra o convenio, entón están a nome do concello xa. Ben..., se non hai máis palabras o sometemos a votación. Ah, perdón.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Moi brevemente, alcalde, antes na primeira quenda pedín a palabra, non fixen uso dela porque quería escoitar e facer un acto de reflexión non soamente por contradicir o que acabas de dicir, senón un acto de reflexión. En primeiro lugar teño que dicir que eu non escoitei, igual é que non oio moi ben, a palabra chulería a ninguén, e a miña intervención é produto desa reflexión, e claro o problema que se deriva é un problema político importante, parece ser, polo que acabo de escoitar, que a área de recreo non se vai levar a cabo. Entón cabe a seguinte pregunta que xa se fixo fai tempo: Cómo se colleron os peores terreos da peor zona pagándoos a prezo de ouro? É produto de alguén, algunha responsabilidade hai, porque a seguinte pregunta é, se non valen para isto, para qué valen os terreos derivados do convenio do Castelo da Palma? Polo tanto, non sei si da tempo ou non da tempo, pero sería bo que en vez de saír derrotado o tema se retirara da orde do día e se levara a comisión para debater moito máis que é o que facemos con eses terreos, ou iso ou qué outra cousa, qué outra alternativa. Nada máis.

Sr. Alcalde: Unha aclaración, isto ven dentro do exercicio deste ano, da Xunta, se non se fai este ano espero que para o ano se faga, pero ben..., aí está, en todo caso, lle diremos ao Conselleiro, ao Director Xeral, ben... que non pasou, e xa está. Eu o meu traballo o fixen, o meu traballo é xestionar cousas para Mugar dos, polo tanto, o Pleno é o que decide. Ben..., nós non o imos retirar porque, xa digo, é un traballo da miña xestión, e a miña xestión está por enriba do que poidan dicir os grupos, outra cousa distinta é que a apoien ou non.

Rematado o debate sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por catro votos a favor (4 BNG), seis votos en contra (3 PSOE, 3 PP) e dúas abstencións (1 EU-IU, 1 IPM), acorda rexeitar a proposta formulada polo sr. alcalde para a sinatura dun convenio coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a creación dun área de lecer en Pontellas.

5.- ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE NECESIDADE DE DISPOSICIÓN DA FINCA NÚM. 17 DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DE O BAÑO.

Sr. Alcalde: É un informe-proposta da alcaldía que ven a este Pleno para dispoñer da finca núm. 17 do proxecto de compensación de O Baño, entón para que se saiba un pouco de qué vai o vou ler.

Polo sr. Alcalde dáse lectura á informe-proposta que deseguido se transcribe:

“Asunto: Acordo do Pleno da Corporación sobre necesidade de disposición da finca nº 17 do Proxecto de Compensación de O Baño.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo da Comisión de Goberno do Concello de Mugar dos de 3 de agosto de 2001 aprobouse definitivamente o reformado do Proxecto de Compensación de O Baño, publicándose dito acordo no DOG de 14/08/2001 e no BOP de 20/08/2001.

No mencionado proxecto, e no seu apartado V, de descrición das parcelas resultantes, figura a parcela nº 17, cualificada urbanisticamente como SGD (sistema xeral dotacional), e definida como:

“Parcela al lugar de O Baño, Término municipal de Mugar dos, de 2,308,10 m2, que linda al Norte con parcela nº 20 (Z.V.P.2). Sobre esta finca se encuentra la edificación existente en la finca aportada nº 1, que se mantiene dentro de ordenación y que se describe como: Casa señalada con el nº 1 del Lugar de O Baño. Compuesta de planta baja, dividida en portalón de entrada, vestíbulo, capilla, cocina, cocina, bodega y otros departamentos, piso alto distribuído en pasillo central, salón y diferentes habitaciones. Por el lado norte tiene unido un corralón con un cuerpo de casa destinado a cuadras, hornos y palomar, ocupando el conjunto del solar setecientos treinta y siete metros cuadrados.

No está afecta a Carga de urbanizar.

Libre de cargas y gravámenes.

Se adjudica al Concello de Mugar dos. Esta adjudicación está sujeta a condición suspensiva hasta que por el Pleno del Concello de Mugar dos se adopte acuerdo sobre la necesidade de disponer de la finca, momento en que se procedería a la correspondiente valoración, que se reflejaría en la cuenta de liquidación definitiva”.

O proxecto de compensación formalízase en escritura pública e inscríbese no rexistro da propiedade.

A parcela antes mencionada aparece inscrita ao folio 28 do tomo 764 do libro 83 do Concello de Mugar dos, finca nº. 9.809, a favor do Concello de Mugar dos, en pleno dominio e por título de adxudicación derivado da aprobación definitiva do proxecto de compensación.

A parcela figura inventariada no correspondente inventario municipal.

2.- A condición suspensiva relativa a dita finca nº. 17, incluída na inscrición rexistral e na ficha descritiva do inventario municipal, e con independencia da súa dubidosa legalidade (a transmisión, libre de cargas e gravames, ao Concello das fincas de cesión prodúcese automaticamente con ocasión da aprobación do proxecto de compensación; art. 179 do RD 3288/1798 de Regulamento de Xestión Urbanística e art. 104 da Lei 1/1997 do Solo de Galiza, vixente naquel momento, e dita aprobación habilita ao Concello para a ocupación inmediata, e sen ulterior trámite, dos terreos; art. 118.2 LOUG), unicamente ten efectos sobre a valoración para a conta de liquidación definitiva, pero non sobre a titularidade municipal de dita finca (edificación do Pazo da Condesa incluída), xa que a liquidación definitiva da reparcelación “Terá exclusivamente efectos económicos e non poderá afectar á titularidade real sobre os terreos” (art. 128.2 do RD 3288/1798, do 25 de agosto, de Regulamento de Xestión Urbanística).

3.- A titularidade municipal da parcela nº. 17, incluída a edificación do Pazo da Condesa, ademais de quedar acreditada no proxecto de compensación definitivamente aprobado, na escritura notarial de formalización do mesmo e na inscrición rexistral e no inventario municipal, tamén é expresamente recoñecida pola entidade Mahía Inmobiliaria, cando o 5 de marzo de 2004, en contestación a un escrito previo do Concello de Mugar dos no que se solicitaba de dita entidade que se ratificase na veracidade do cambio de titularidade da parcela nº 17, sinalaba Mahía Inmobiliaria que “... se ratifica el cambio de titularidad catastral de la parcela de referencia (suelo y edificación) instado por esa Entidad, pues de conformidad con la Nota simple Informativa del Registro de la Propiedad de Pontedeume que se acompaña, dicha parcela y su edificación figura a nombre del Ayuntamiento de Mugar dos”.

4.- A cualificación urbanística da parcela como Sistema Xeral Dotacional, de titularidade pública (así figura nos instrumentos de planeamento e de xestión aprobados) determina o seu destino ao servizo da totalidade do municipio e, en especial, para implantar as súas infraestruturas básicas e, unha vez definitivamente aprobado o proxecto de compensación, a súa afectación ao usos previstos no planeamento (o uso pormenorizado é o de ocio-cultural; art. 15 das Ordenanzas Reguladoras do Reformado do Plan Parcial de O Baño, aprobado definitivamente por acordo plenario do 20 de xullo de 2001).

5.- Mediante acordo plenario de 24 de xullo de 2007 resolveuse declarar lesivo para o interese público a Addenda ao Convenio Urbanístico de O Baño, aprobado definitivamente por acordo plenario de 24 de xullo de 2003.

6.- Consta no expediente informe técnico de valoración, de data 27/08/2007, polo que se valora a finca en 264.264 €.

Por todo elo, esta alcaldía somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno da Corporación acorda a necesidade de dispoñer da parcela nº 17, edificación incluída, do proxecto de compensación de O Baño, para o seu destino aos usos previstos no planeamento urbanístico vixente como sistema xeral dotacional público, e como uso pormenorizado o ocio cultural.

Segundo.- O Pleno da Corporación, de conformidade co previsto no art. 34 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais, acorda a rectificación da ficha correspondente a dita parcela no Inventario municipal con supresión da condición suspensiva, e establecéndose unha valoración económica de dito ben en 264.264 €.

Terceiro.- Do presente acordo daráselle traslado á entidade Mahía Inmobiliaria S.L. aos efectos de presentación da conta de liquidación definitiva do proxecto de compensación de O Baño, con

ofrecemento dos recursos oportunos, así como ao Rexistro da Propiedade de Pontedeume, aos efectos de supresión da condición suspensiva na inscrición rexistral da parcela.

Cuarto.- Facúltase á alcaldía-presidencia para a execución e desenvolvemento deste acordo.”

Palabras. Ben, ten a palabra o partido popular.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Ben, creo que despois dunha exposición tan ampla como a que fixo o alcalde hai que resumilo para que todo o mundo o poida entender. O tema Pazo das Condesas, Pazo de Mahía, que se fixo compensación polos terreos en que fixeron a urbanización leva durante anos intentando xustificar de quen é a propiedade que aí está, e leva tanto anos que dende o ano..., eu creo que dende o ano noventa e..., ben, cando se aprobou o plan de urbanismo ou pouco máis alá, aínda ninguén foi capaz neste concello de dicir o Pazo das Condesas de quen é. O sr. Barcia fixo as súas averiguacións e el está convencido de que o Pazo é municipal, o cal eu celebraría en todo caso, e así en consecuencia obrou o grupo de goberno ao traer un acordo de lesividade ao pleno anterior no que nós lle dimos ..., non obstaculizamos o proceso para que se puidera investigar e levar a xuízo en todo caso que a xustiza delimitara a responsabilidade de cada quen; ao que non estamos dispostos é a ocupar fincas de ninguén porque nós non sabemos de quen son e, polo tanto, non imos permitir que ninguén ocupe o que non sabemos de quen é, por unha simple coherencia, entón, como non somos okupas, nin sabemos, nin queremos selo, nós queremos que a xustiza diga o que ten que dicir, que é de quen é a finca, e si a finca a xustiza di que a finca é do concello de Mugar dos nós gustosamente apoiaremos ao alcalde para que ocupe a finca e lle dea os usos que considere adecuados pero si a xustiza di que pola contra que o Pazo non é do Concello de Mugar dos e si o é de Mahía entramos nunha espiral de demandas xudiciais contra este Concello que por outro lado vería xustificadas.

Por outro lado, o que se quere conseguir apurando o proceso, que é ocupar un pazo que non se sabe moi ben de quen é, vaise perder o tempo preiteando con Mahía para saber si é teu ou si é meu, eu apelo, ti apelas, e estaremos anos outra vez intentando saber de quen é. Eu creo que ese non é o procedemento máis adecuado e nós creemos que o procedemento máis adecuado é simplemente deixar que a xustiza se pronuncie e en función do que a xustiza diga pois nós actuaremos. Non nos parece un exercicio de responsabilidade que o pleno teña que decidir o que ten que decidir a xustiza. E iso, indiscutiblemente, nos anos que estamos a veces se confunde, nós o temos moi claro, e o temos tan claro que non queremos entrar nese tipo de cuestións, nós non imos obstaculizar o tema que se fixo sobre o tema da lesividade, porque entendemos que se pode abrir unha porta, pero o que non imos facer, en todo caso, é ocupar unha finca que non sabemos de quen é, porque isto pode representar un precedente para outras cuestións e eu, a verdade, non querría que se foran ocupando vivendas por Mugar dos. Dende esa consideración, que non é máis que un acto de sensatez, nós imos votar en contra desto, e isto non evita nin estamos dicindo que o Pazo non sexa municipal, estamos dicindo que a xustiza debe determinar de quen é e unha vez que o faga nós, indubidablemente, diremos o que teñamos que dicir. Nada máis.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): O certo é que a proposta da alcaldía, na convocatoria da comisión de facenda, era dar conta da proposta da alcaldía de ocupación. Eu preguntei ademais na comisión de facenda si se me podía traducir a linguaxe cristiá o informe-proposta dado que non cría que fora exactamente nos termos nos que viña anunciado; o certo é que me fixeron o mesmo que o alcalde, me leron os tres papeis, ben..., naquel caso resumíronme e leron só os acordos e quedei como estaba, coa explicación previa que deu o grupo de goberno sigo

quedando como estaba e entón, como teño as miñas dúbidas, e neste caso non teño o voto definido aínda, eu quería facer unhas cantas preguntas.

Primeiro: Se a proposta da alcaldía é de ocupación do pazo, se é unha proposta de ocupación.

Segundo: Facer constar que o informe técnico de valoración non apareceu na comisión de facenda, que eu reclamei que aparece, pero que tampouco está no expediente do pleno; da valoración que se cifra aquí, creo que é 264.264 euros, o informe o descoñecemos, porque non estaba nin en facenda nin no expediente do pleno, en ningún dos dous, polo tanto, a unha parte importante do que é o informe-proposta, polo menos nós, non tivemos acceso.

Temos unha pregunta máis: si isto non sería previo ao acordo de lesividade adoptado polo pleno, se non sería un paso previo facer valer o proxecto de compensación e, polo tanto, non declarar lesivo o acordo e non estar agora nun preito xudicial con Mahía. E, en todo caso, a qué fai referencia os 264.264 euros? Si é a compensación que nos ten que dar Mahía a nós pola compensación, si é o que lle temos que compensar? Qué reflicte esta cantidade? Ou si directamente lle damos unha patada á porta e entramos e Mahía pode recorrer? Que se me explique.

Sr. Alcalde: Ben, non hai máis palabras pedidas, en todo caso, un pouco para aclararvos un pouco; trátase de aprobar, evidentemente, ocupar algo que nós consideramos que é noso, e consideramos que é noso porque..., primeiro, non é que non saibamos, sabemos que é noso porque está nas escrituras, nas escrituras está a nome do Concello, está no Rexistro da Propiedade, está no Plan Parcial que se aprobou no seu día, e está no proxecto de compensación e en todos eses sitios di que finca e pazo son do Concello, e a propia Mahía reconece no 2004, ante un escrito que se lle mandou de aquí do Concello para que ratificase si era, se figuraban a nome dela ou a nome do Concello esas dúas cousas, a propia Mahía reconece que finca e pazo están rexistrados a nome do Concello e iso o sabedes todos porque é a nota simple que figura no proxecto de compensación, é unha nota auténtica do Rexistro da Propiedade e alí especifica moi ben que pazo e finca están a nome do Concello.

Aquí o que está en cuestión é esa coetilla que poñen, esa condición suspensiva, que pode ter moitas lecturas, para uns pode ser correcta e outros poden dicir que é de xulgado de garda, pero está aí posta, e a única forma de poder dicirlle a Mahía “mira, tarará, tarará, que te vin, nós imos ocupar o pazo”, porque está ao noso nome e se imos falar, en todo caso, da liquidación definitiva, xa falaremos, pero o pazo é do Concello e a finca tamén. Xa falaremos da liquidación definitiva, porque hai moito que falar da liquidación definitiva tamén, pero xa falaremos. En todo caso, esas son as cuestións, está nas escrituras que están aquí e están tamén no notario e as ten Mahía tamén; por certo, que ten o orixinal Mahía, está no Rexistro da Propiedade, está no plan parcial que foi aprobado no seu día e está no proxecto de compensación; entón non hai dúbida ningunha de que iso está a nome do Concello, as dúas cousas, creo que está bastante claro.

E o tema que dicía a portavoz de Esquerda Unida, pois eu creo que a cousa está clara; é certo que non está, hai unha valoración feita polo técnico municipal, seguramente se mandou no que é o expediente, digamos, do contencioso e non se fixo unha copia para aquí, pero hai unha valoración feita polo técnico que mañá mesmo se pasará a todos os portavoces dos grupos para que teñan coñecemento dela e para que saiban como se fixo, está feita, afortunadamente hoxe temos un técnico aquí no concello que é taxador profesional e sabe perfectamente o que fai nestas cousas.

E nada máis, eu penso que temos que facelo dunha vez e non facemos ningunha cousa mala, porque a Mahía tamén lle damos oportunidade de persoarse aquí e dicir “oe, qué pasa?” E falaremos da liquidación definitiva, efectivamente, falaremos e xa veremos o que pasa.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, eu teño varias dúbidas. En primeiro lugar eu quixera saber como no punto 2 temos especificado o carácter patrimonial que se lle vai dar ao cine Zárate, en todo caso, quería preguntar, porque lin, creo, que no patrimonio municipal do Concello de Mugar dos non consta en ningún lado que o pazo municipal estea inventariado como patrimonio en Mugar dos. Esa a primeira cuestión, parece unha cousa bastante evidente, pero non o é. E por outro lado, vostedes teñen claro ou bastante claro que o pazo é municipal, tan, tan claro, que asusta o claro que o teñen. E por outro lado, eu quería facer unha pregunta e neste caso porque entendo que quero saír de dúbidas e, en todo caso, eu lle preguntaría ao secretario municipal que aclare que él entende que o pazo é municipal ou non. Simplemente.

Sr. Alcalde: A ver, eu creo que é unha pregunta que sobra.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Que mo diga. Pode responder ou non?

Sr. Alcalde: É que imos ver..., che estou dicindo, Juan Domingo, e a min me parece que sabes perfectamente do que estou falando. Nas escrituras está posto iso? Non? Nas escrituras de propiedade. Está no rexistro da propiedade en Pontedeume? Sí? Está no plan parcial? Está no proxecto de compensación? Home, eu creo que para nós está claro. Home, para outros non o estará; outra cousa distinta é que cando se fale da liquidación definitiva xa falaremos, pero imos falar como nós propietarios deso. Non hai máis palabras...

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Brevemente, eu non son futurólogo nin vou xogar a iso, pero creo que hoxe poden predicir algunhas cousas, polo menos neste punto se dan moito este tipo de cousas, non?.

Primeiro, os argumentos que hoxe da o alcalde son exactamente os mesmos que deu no pleno anterior, se os deus e se aprobou, a qué ven este pleno? Salvo que como dixó Pilar, non tería que ter sido isto antes que...? Metía medo? Non o sei. Polo tanto, cal é a razón última para vir outra vez ao pleno? E o de futurólogo é porque eu predigo que este tema vai vir máis veces ao pleno simplemente por unha razón, pois porque é un tema que da certo xogo político aos que están gobernando, porque a pregunta que se deriva do pleno anterior e deste sempre é a mesma. Si sae ben, son caralludos, o grupo de goberno qué ben o fixo e tal, e si sae mal imos ter a culpa, alcalde, como ti fas con certa habilidade, pero o fas tan reiterado que todo o mundo dámonos conta, que a culpa a temos os que non apoiamos, polo tanto, a oposición, ou os anteriores, que é igual, iso vai ser sempre así; polo tanto, vai vir máis veces. Eu, en coherencia co que dixen no pleno anterior, por non reiterar outra vez os mesmos argumentos, vou votar en contra.

Sr. Alcalde: Grazas, sr. Fariña.

Sr. Fernández Ameneiro: En consonancia coa postura que mantivo o grupo socialista no pleno extraordinario en que se trataba o tema da lesividade, do acordo de lesividade, nós naquel momento dicíamos que o concello estaba no seu dereito de reclamar a titularidade pública do Pazo das Condesas e que, en todo caso, que foran os tribunais os que decidiran si era de

titularidade pública ou non. Entón nós mantivemos o voto de abstención e imos seguir mantendo a postura de abstermos neste tema.

Sr. Alcalde: Creo que estamos nun momento moi importante para Mugardos e teño que dicir que de utilización política nada, porque non o fago público na prensa nin fago nada. Polo tanto, eu o que busco aquí é recuperar algo que lle pertence ao Concello de Mugardos por lei. Outra cousa distinta, quero que quede ben claro, é a liquidación definitiva dese proxecto de compensación, iso que quede ben claro, que se falará despois, pero estamos facendo algo que é correctamente legal, de vixiar un tema que leva tantos anos aí e que no seu momento, polas razóns que foran, pois se asinou unha addenda, unha addenda que o único que pretendía, ao noso entender, era cambiar unha parcela onde está o Pazo das Condesas a nome do Concello, parcela e pazo, por outra parcela e con ese cambio perdía moitísimo o Concello, ao menos nós o consideramos así, porque estamos cambiando unha parcela cunha edificación importante, un ben protexido, porque está inventariado como un ben protexido aquí en Mugardos, neste Concello e que, polo tanto, o único que pretendemos é que se clarifique dunha vez por todas e que se faga a liquidación definitiva dese proxecto de compensación e xa veremos si o Pazo é do Concello ou non é do Concello; esa é a cuestión nada máis, e creo que é importante e, polo tanto, pois me sorprende que haxa grupos que queiran votar en contra de recuperar algo que é importantísimo para Mugardos con tanta necesidade que temos precisamente, que falábamos antes, de sitios de lecer e locais emblemáticos como pode ser este.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por catro votos a favor (4 BNG), cinco votos en contra (3 PP, 1 EU-IU, 1 IPM) e tres abstencións (3 PSOE), acorda rexeitar a proposta formulada polo sr. Alcalde, antes transcrita.

Sr. Alcalde: Volveremos con este tema outra vez, porque imos ocupar o Pazo das Condesas.

6.- NOVAS ACTUACIÓNS EN ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL. OBXECTIVOS 2007. 3ª FASE.

Sr. Alcalde: Este é un tema que vén de comisión tamén e, polo tanto, lle dou a palabra ao portavoz da comisión de urbanismo.

Sr. Bouza Rey: Ben, é un tema que tratamos na última comisión de urbanismo, que era o requirimento de xustificar algunha das obras para este ano 2007, como xa se deu conta alí e máis se discutiu este tema, pois é de cumprir uns obxectivos para poder optar á subvención. Nos faltaban creo que dous ou tres expedientes; está a orde dada aos técnicos municipais para que lle dean prioridade a isto e estamos en cumprir os obxectivos estes.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Se tratou relativamente, en todo caso nós imos votar a favor, o que si lle lembraríamos ao presidente da comisión de urbanismo dado que a memoria-programa no estaba, é dicir, o único que pasou pola comisión foi a circular da consellería, a proposta que fixemos sobre que se leve todo o conxunto de obras que están no A.R.I. para que poidamos facer un balance e podamos ver os progresos e melloras que se están facendo nos cascos antigos da vila de Mugardos e do Seixo.

Sr. Alcalde: Grazas, Pilar. Se non hai máis palabras, votos a favor.

Rematado o debate sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación á memoria-programa das actuacións da área de rehabilitación integral “Novas actuacións en áreas de rehabilitación integral- obxectivo 2007. 3ª fase”, redactada pola arquitecta, Yolanda Mauriz Bastida, de data 22 de outubro de 2007, así como o cadro de resume do financiamento que figura na memoria e no expediente.

2º.- Asumir os compromisos que para este Concello se especifican na Memoria-Programa, en concreto no relativo á aportación económica de 60.000 € para financiamento da aportación municipal derivada das actuacións incluídas no devandito plan.

3º.- Facultar ao sr. Alcalde para a formalización do correspondente convenio de colaboración e de cantos documentos sexan necesarios para a adopción do acordo.

4º.- Sinalar que este Concello ten establecida unha bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) no artigo 15 da ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito da área de rehabilitación do Concello de Mugaros.

7.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 570/2007. FESTAS LOCAIS 2008.

Sr. Alcalde: Refírese ás festas locais de Mugaros, serán o 7 de xaneiro, festividade de San Xiao, e o 13 de maio, día do Voto de Chanteiro. Hai que votar.

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda ratificar a resolución da alcaldía que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Nº. 570/2007.- *Visto o escrito remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo, no que solicita a remisión de proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal, para o próximo ano 2008, pola presente RESOLVO:*

1º.- *Propoñer como festas locais para o ano 2008 os días*

- Luns, 7 de xaneiro de 2008, festividade de San Xiao.

- Martes, 13 de maio de 2008, Voto de Chanteiro.

2º.- *Ratífiquese o presente acordo polo Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.”*

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE CESIÓN ESCOLA UNITARIA DE SAN XOÁN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E OUTROS ASUNTOS.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): En primeiro lugar temos que dicir que nós tiñamos presentado a moción o día 24 de setembro, catro días do que marcaba o regulamento, para que se contemplara o punto na orde do día do pleno ordinario, non foi así, sorprendeunos un pouco que se puxera agora. En todo caso, algún dos puntos que reflexa, concretamente o punto 3, que agora leremos, pois por circunstancias que ocorreron nos últimos tempos, xa non procede, entón, simplemente, a exposición desta moción ven a determinar sobre unha demanda da asociación de veciños de San Xoán en canto que como asociación de veciños debe ter un lugar, non a escola unitaria, senón un local que ten a escola unitaria alí, para desenrolar as súas actividades como asociación de veciños que é, e, en todo caso, que non enturbie posibles

actuacións que se poidan facer na escola si se retoma de novo o tema da ensinanza alí; simplemente que se lle dea un uso razoado mentres estea en desuso esa escola para que se poida desenrolar a actividade e, polo tanto, simplemente baixo esa intención, queremos propoñer..., os acordos que propoñemos serían:

1.- Que se ceda un espazo na escola unitaria de San Xoán á AAVV como lugar de reunión, así como un equipamento de material de oficina para poder desenrolar as súas actividades.

2.- Que se proceda a realizar as xestións oportunas para a sinalización correcta e de forma inmediata das saídas da vía rápida ao seu paso por San Xoán e Franza.

E o terceiro que era sobre as negociacións para os tramos pendentes das beirarrúas que xa ven determinado polo plan que nos presentou o delegado o outro día e, polo tanto, xa non ten lugar. Polo tanto, retiraríamos o punto tres da moción e sustentariamos os outros dous que expuxemos. Sen nada máis que engadir, pois... non temos nada máis que dicir.

Sra. Cruz Fernández: Con respecto á escola xa faláramos nunha comisión e chegamos ao acordo de seguir falando sobre o uso, non estábamos de acordo nunha concesión directa a unha asociación, si buscar as canles para que se poida facer uso desa escola, pero chegar a un acordo primeiro da utilización que lle queremos dar mentres non sexa demandada outra vez, non haxa demanda outra vez para que poda retornar ao uso de escola si nalgún momento hai esa demanda, e que falaremos en comisión sobre o tema. Non estamos de acordo nunha concesión directa. Haberá que facer un regulamento porque igual hai outras asociacións que tamén queren utilizar o centro.

Sr. Alcalde: Un pouco tamén para centrar o tema, todo o mundo sabe que temos aquí varias asociacións veciñais e asociacións de amas de casa, en fin..., asociacións de palilleiras, asociacións de tal..., en fin, nós non temos ningún problema en que a asociación de veciños poida utilizar, cando o necesite, o local, pero non pode ser de uso exclusivo e cesión porque pode xuntarse outra actividade calquera alí, pois un grupo de rapaces que fan poesía ou o que sexa, entón temos que compaxinar os intereses de toda a sociedade de Mugardos e non hai ningún local que estea cedido, nin á asociación do Cruceiro de Mehá, nin á asociación de veciños de Mugardos, nin a outra asociación ningunha; polo tanto, os de San Xoán terán que seguir as mesmas pautas que seguen os demais, non hai ningún problema cando o necesitedes, pero tedes que comunicalo aquí, como fan os das Casas Baratas, como fan outros.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): É certo que na comisión onde se debateu este tema quedouse de afondar, pero quedouse de afondar por unha contradición existente no grupo de goberno, porque fai non tantos meses nesta corporación se acaba de ceder un local, en uso exclusivo, á asociación de empresarios e hostalaría. Entón, antes do plantexamento de que a outros non, foi cando a oposición pediu un debate porque o que si non podemos crear é esa desigualdade, a uns si e a outros non.

En todo caso, eu non vou facer de explicadora da moción pero creo que si se lee ben o primeiro parágrafo di que se ceda un espazo na escola, non a totalidade da escola, eu supoño que a idea é que se ceda un espazo para o que é material de oficina e non sei qué, non sei canto, e despois a utilización sería non para uso exclusivo deles, senón que o terá que pedir ao Concello como todos os locais municipais. Eu si pode valer..., non sei si ao mellor o dese espazo poidamos reformulalo e, en todo caso, se inicien conversacións coa asociación de veciños para poder entablar un acordo entre o Concello e a asociación para a súa utilización tendo en conta que a

intención do concello é habilitar ese pequeno espazo onde poidan ter os papeis e tal e, polo tanto, podan utilizala. O digo, porque..., a ver..., eu creo que non debe saír rexeitada por unha mala interpretación ou senón que se reformule o punto de tal maneira que a asociación de veciños de San Xoán saiba que vai ter o material, e non sei qué, non sei canto, e que dentro do regulamento vai ter a utilización do local, non sei si me expliquei con claridade.

Sr. Alcalde: Home, eu entendo que o local efectivamente este ano quedou sen escola, pero a idea de todos, creo, a idea de todos os que estamos aquí é que o primeiro que temos que reivindicar é que a escola volva funcionar como escola; en todo caso, se non somos capaces teremos que desafectar, temos que solicitar a desafectación dese local e logo facer un regulamento para a utilización do local, a parte alta pode ser compartida por xente. A ver, non vou entrar en debate co público pero a asociación de San Xoán tampouco existiu sempre, agora existe; antes existía? Non. Por iso, dentro de pouco tamén poden aparecer outra asociación. Non pode aparecer?

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Creo que é conveniente deixalo moi claro, reflectido nun convenio un punto de cómo e por qué causas deixaría de usalo, non hai máis problemas. Facelo e nada máis.

Sr. Alcalde: Hai que facer un regulamento.

Sr. Bouza Rey: Eu penso que podemos chegar a un acordo, pero qué pronto se cambia, qué pronto se cambia, porque o sr. Fariña cando foi a cesión aos empresarios se abstuvo, e curiosamente agora reivindica. Claro, como antes..., si, si, si, non me discuta iso porque fai quince días, e claro, agora reivindica, pero a reivindicación é que si outra asociación, outra xente de San Xoán de Piñeiro organizada quere utilizalo, pois ao mellor hai que facer un convenio, pero ninguén negará que, polo menos para o grupo de goberno, e penso que para todo o mundo, a idea é que para o ano si se pode reabrir a escola, haberá que reabrila, porque iso si todo o mundo..., por favor, alcalde, por favor, secretario.

Sr. Alcalde: Non se pode falar nos plenos.

Sr. Bouza Rey: Entón se pode tratar de chegar a que utilicen o local, pero as asociacións todas de Mugardos, A Pedreira, O Seixo e non sei qué, tamén teremos dereito, ou terán dereito a un local.

Sr. Alcalde: Que pode ser o de San Xoán, por exemplo.

Sr. Bouza Rey: Efectivamente.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Simplemente como me nomeu o portavoz..., eu ao tema dos empresarios non lle vin tantas pegas, e eu me abstiven, eu non son o portavoz da moción nin a presenteí eu, polo tanto eu non reivindico nada, nada; en función do debate eu opino. Home, parece que quere ser xustamente porque é a asociación de San Xoán de Piñeiro que foi crítico coa xestión do BNG neste Concello...

Sr. Alcalde: Non se notou, non se notou.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Déixasme rematar?

Sr. Alcalde: Non se notou a crítica.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Acabamos de chamar a atención ao público, a ver se ten vostede un pouco de educación e non interromperme...

Sr. Alcalde: Vale, sr. Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Correcto.

Sr. Alcalde: Era unha puntualización nada máis.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Nin puntualización nin nada, para puntualizacións tes que pedir permiso. Mira, o tema é o seguinte, eu non digo que se faga ou non, non estou dicindo iso, Bouza, estou dicindo que en función de cousas inconcretas dixen que apoiaba o que acababa de dicir Pilar, non dixen outra cousa, eu non dixen outra cousa, para nada. Home, o que non ten sentido é que a asociación de veciños de Mugardos vaia reunirse ao local a San Xoán, iso non, e se xorden dúas, pois unha coletilla, si pola razón que fora aparecen dúas organizacións de veciños na localidade de San Xoán de Piñeiro, este convenio non ten validez e polo tanto haberá que renegocialo. Punto, xa está. Falo de sentarse, non estou falando doutra cousa, xa está, mira que fácil é.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, eu creo que a moción non vai máis alá para xerar polémica ningunha; imos ver, eu quero diferenciar tamén entre o que é unha asociación cultural e o que son as asociacións de veciños, porque legalmente non é o mesmo. O Concello ten e debe garantir que as asociacións de veciños teñan un local onde reunirse, non así coas asociacións; hai que revisar a lexislación e saber fielmente o que é unha asociación de veciños e o que compartan unha asociación cultural, hai que revisar a literatura; en todo caso, que se lea e unha vez que se lea empezamos a falar do que é; eu non estou reivindicando para unha asociación si e para unha asociación non; loxicamente as cousas veñen en función das demandas, loxicamente cada parroquia terá que ter, loxicamente, un local para ter, imos ir empezando na medida en que as necesidades van crescendo; evidentemente nós non queremos ir máis alá de ceder unha escola para que a usen fundamentalmente; imos ver, eu creo que non é a primeira vez neste concello en que sen un regulamento previo se cede a unha asociación cultural un local, sen regulamento que o regule, valga a redundancia, e non quero nomear porque non tendo por qué facer comparacións, pero se pode chegar igualmente a facer ese regulamento, pero destinar un uso dun local que a escola ten na súa parte superior, para que a asociación poida celebrar alí as súas reunións sen interferir noutra cuestión, porque alí mentres non hai outras cuestións non hai interferencias de ningún tipo; polo tanto, de onde ven a discrepancia?, a discrepancia virá cando teña máis usos esa escola, haberá que falar coa asociación de veciños e dicirlle que está destinada ao que está destinada e terán que buscar outra ubicación, pero mentres tanto non se dean esas circunstancias, deixar á asociación de veciños fóra na rúa para empezar a falar non me parece de recibo, igual que non me parece de recibo con calquera outra.

Entón, o que se di, e non imos reestruturar máis a moción do que está reestruturada, é ceder un espazo, e entender un espazo como unha habitación, unha habitación cun despacho da asociación de veciños, no alto, iso pode constituír un espazo e non ten por qué interferir cunha actividade...., porque de feito non hai ningunha, e non é a primeira vez que ocorren alí actividades non relativas á educación e non se aludiu á desafectación nin moito menos. É unha cuestión de vontade, se quere facer ou non se quere facer e, evidentemente, nós non imos reestruturar a moción máis do que está entendendo que cesión non é unha cesión, é a cesión condicionada aos usos para os que foi concibida a escola unitaria, que é para o que é, para a educación e mentres non se usa para iso ten que ter un uso social. Neste caso hai unha demanda de veciños e ten que ser correspondida, iso o entendemos así; eu creo que todo o mundo que estamos aquí o entendemos así, outra cousa distinta é que se queira dar a volta á tortilla pero eu creo que ao final sempre se cociña con ovos e patacas. Entón na moción vai para destinar o uso para a asociación de veciños en canto que non interfiran noutras actividades; no momento en que iso ocorra así indiscutiblemente se pode chegar a un convenio coa asociación de veciños e un regulamento que garanta eses usos e no momento en que xurdan outras cuestións haberá que ceder o local para o que está destinada, eu creo a asociación de veciños o entende e os que estamos aquí tamén; entón non entendo a qué ven o debate, eu creo que é bastante claro.

Sr. Alcalde: A ver, Juan Domingo, un pouco para..., o debate ven dado porque efectivamente é un caso singular, como asociación de veciños me refiro, nós non estamos tampouco en contra de privar ás asociacións de facer actividade nun sitio acorde coas necesidades desa actividade, o que si non entendemos..., queremos votar a favor de algo, pero non como está escrito. Temos que votar a favor de que se lle conceda temporalmente cun regulamento de uso dese local, entre outros á asociación de veciños, porque pode haber outra xente, pero hai que materializalo no acordo, non así. Ou sexa, o acordo que vaiamos tomar aquí sería que é vontade deste Concello atender as necesidades reais que teñen as asociacións de facer a súa actividade, con material de oficina e todo iso, pero sempre e cando sexa recollido nun regulamento de uso dese local non exclusivamente para a asociación de veciños, para outras que teñen que ter tamén o regulamento de uso, e nós non estamos en contra deso, ao contrario, creemos que si poden ter locais todos moito mellor, pero non hai locais para todos, entón hai que regular o uso deses locais, e aquí non o pon, e despois tamén dicir que o material de oficina e todo iso, pois ao mellor, si temos a posibilidade, porque ti sabes que aquí hai grupos políticos que non teñen aínda o material necesario para a súa actividade, para facer o desenvolvemento de traballo aquí no concello; polo tanto, si hai posibilidades, porque, home, se pode conseguir un ordenador que foi usado e tal, porque total o traballo que vai facer a asociación de veciños será un escrito, se pode conseguir por outras vías a cesión dun ordenador, pódese conseguir, pero o temos que facer, ese acordo o temos que facer, non como está aquí, vontade deste pleno de que as asociacións contén cun local onde desenvolver as súas actividades e neste caso a petición que se fai do local en San Xoán se fai en base a un regulamento de uso e non hai ningún problema, ningún, ao contrario, así houbera locais en todas as parroquias para todas as sociedades.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu visto que o poñente non pensa modificar a moción, eu a votaría, penso sendo consciente de que o acordo plenario necesita quen o execute, e quen o executa vai ser o goberno municipal. E é certo que a asociación de veciños tería un acordo plenario, pero ao mellor ten un acordo plenario en papel mollado como así foi moitas veces neste pleno. Entón eu creo que é unha mala noticia, eu creo que isto xa se deu máis veces,

de acordos plenarios que non chegaron ao seu fin porque o grupo de goberno non estaba de acordo e houbo unha imposibilidade importante por parte da oposición de facer cumprir os acordos, si o queremos facer así o facemos así, eu non teño problema en votala así porque teño votado a favor de outras cesións. En todo caso, eu lle pido ao portavoz do partido popular que si o que quere conseguir é o obxectivo da cesión, que reflexione antes de dicir se non a vai intentar modificar ou non; eu creo que se lle pode dar, incorporar algo ao texto, no mesmo texto que ten que é ceder un espazo na escola unitaria de San Xoán á asociación de veciños previo o establecemento dun acordo de cesión entre o Concello de Mugardos e á asociación de veciños para que poida utilizar o piso d arriba, que é exactamente o que queren, da denominada escola de San Xoán, punto e seguido ou punto e aparte, ou punto núm. 2, que o acordo pase previamente, o borrador de acordo, pase previamente pola comisión de cultura, deportes, non sei qué, non sei canto, á que sexa invitada a asociación de veciños de San Xoán para que entre todos podamos debatelo, porque o problema do regulamento é que ten que ser publicado; se imos ao regulamento ten que ser publicado, hai alegacións, poden estar esperando ao curso que ven, con todos os condicionantes que requira a concesión, de que se hai máis entidades, máis colectivos, si o concello ten que utilizalas, si volve a ser escola, ben..., e nun mes a poden ter dado que a comisión de cultura creo que é o segundo luns de cada mes, que se recolla a moción, en todo caso, que vaia a comisión do luns de cada mes, esa sería a miña reflexión, si o poñente non a quere recoller nós estamos dispostos a votala igual, pero eu creo que tería a limitación da práctica da man executora.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver..., enténdase o que quero dicir, por suposto que nós estamos abertos a facer modificacións, ao que non estou disposto é a que se cambie o espírito da moción, que non é o teu caso, non estou falando de Esquerda Unida neste sentido, estou falando de que neste concello non se pode medir con distinto rasero, e a iso me refiro eu. Hai asociacións ás que certamente se lles ten cedido, sen previo acordo, sen previa regulamentación, logo se veu no tempo que era necesario facelo, pero certamente se fixo, se fixo. Entón, quero dicir que si ben existe un método para facer as cousas non se usa sempre o mesmo. Entón, dende logo, claro que estamos de acordo en incorporar todo o que dixo Esquerda Unida e incluso calquera grupo que houbera querido engadir, porque nós estamos abertos a calquera solicitude, porque o fin que perseguimos eu creo que é o mesmo, que podan facer un uso apropiado do local. Entón, imos contemplar todas as modificacións que estimes oportunas en canto a que se ceda un espazo no andar superior da escola unitaria de San Xoán previo establecemento dun acordo que regule o seu uso e que pase pola comisión pertinente. Iso podería quedar redactado así, con esa cuestión, e nós por iso non temos máis repercusión, nin moito menos, pero que se faga de forma inmediata, en todo caso.

Sr. Alcalde: A ver, queres repetir?

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Que se ceda un espazo no andar superior da escola unitaria de San Xoán para a asociación de veciños, previo establecemento dun acordo que regule o seu uso, un regulamento, e que pase pola vindeira comisión de cultura, si, pola vindeira comisión pertinente da área, pero o antes posible, a próxima que haxa, ordinaria, que pase por aí. Ese é o acordo.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda, adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Que se ceda á asociación de veciños de San Xoán un espazo no andar superior da escola unitaria de San Xoán como lugar de reunión, previo establecemento dun acordo que regule o seu uso e que pase pola vindeira comisión da área competente.
- 2.- Que se proceda a realizar as xestións oportunas para que se sinalicen correctamente e de forma inmediata as saídas da vía rápida ao seu paso por San Xoán e Franxa.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-IU SOBRE CADUCIDADE DEVIDA DOS CONVENIOS URBANÍSTICOS ENTRE O CONCELLO E AS EMPRESAS FORESTAL DO ATLÁNTICO E REGASIFICADORA DO NOROESTE- AMPLIACIÓN OESTE E SUR.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver si pode ser máis áxil que a da asociación de veciños de San Xoán. Imos ver..., na exposición de motivos que non vou ler, son acordos que se aprobaron no ano 2002, convenios entre o Concello e Reganosa e Forestal del Atlántico, se non lembro mal o oito de xaneiro de 2002, e tiñan unha vixencia de cinco anos segundo o acordo segundo dos convenios; nese momento quedaba o acordo por debido, xa non tiña efecto. Para lembraros estes son dous convenios que non está aprobada definitivamente a modificación puntual por ter informes en contra e desfavorables, tanto da Consellería de Política Territorial como da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, é dicir, que as compensacións que se establecían na ampliación sur eran nas antigas pesetas, vinte millóns de pesetas para o Concello, na ampliación oeste, 210 millóns de pesetas para as arcas municipais que, conxuntamente con estes dous convenios se tiña aprobado o de redefinición dos usos, que é onde agora está a planta de gas instalada, entre aspas, cuxas compensacións foron 56 millóns, en pesetas, co compromiso da empresa de enderezo social e oficina en Mugar dos, a gasificación dos núcleos urbanos de Mugar dos e dar prioridade no emprego aos de Mugar dos, o que queda pendente agora foi conxuntamente co de permuta, que foi aprobado por unanimidade, os outros tres tiveron doce votos a favor e un en contra, que foi o noso, e nós solicitamos ao pleno que acorde, e vou ler os dous puntos do acordo:

- 1.- Comunicar ás empresas Forestal do Atlántico S.A. e Regasificadora do Noroeste, S.L., que se produciu unha caducidade devida nos Convenios entre o Concello de Mugar dos e as empresas Forestal do Atlántico e Regasificadora do Noroeste S.L. para a ampliación oeste e sur do Solo Urbano Industrial de Punta Promontorio. Polo tanto, xa non teñen vixencia.
- 2.- O Concello de Mugar dos, dado que se produciu unha caducidade devida dos convenios entre o Concello de Mugar dos e as empresas Forestal do Atlántico e Regasificadora do Noroeste, S.L., renunciará ós trámites para modificar a cualificación que marca o P.X.O.M. nos terreos afectados polos citados convenios, e seguirán tendo a mesma cualificación que no P.X.O.M. do ano 99. É dicir, Solo Urbano, Solo Rústico de Protección de Costas, Solo Rústico de Protección de Patrimonio e Solo de Sistemas Xerais de Espazo Libre.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Moi brevemente, primeiro dicir que vou votar favorablemente á moción, porque creo que politicamente é correcta, ten unha parte substancial en canto a argumento político, pero practicamente innecesaria; practicamente innecesaria porque esa ampliación está caducada e, polo tanto, non vale. Esa é a razón fundamental, as dúas, polas cales vou votar favorablemente. Nada máis, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, sr. Fariña. Ten a palabra o sr. Fernández.

Sr. Fernández Ameneiro: No derradeiro pleno do 29 de setembro, do 28 de setembro, se non estou equivocado quedou que esta moción se debatera na primeira comisión de urbanismo e, polo tanto, quedou enriba da mesa. Eu o que pediría dende o grupo socialista é que se cumpra o acordado e que se leve á primeira comisión de urbanismo que se celebre proximamente.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Por alusións. Aínda que a moción ten data de 24 de setembro, nós renunciámos a metela pola vía de urxencia; é dicir, o P.P. considerou dúas que meteu pola vía de urxencia, nós, dado o carácter da moción preferimos esperar un mes e non metela pola vía de urxencia; polo tanto esta moción non foi ao pleno.

Sr. Alcalde: A ver..., eu para aclarar un pouco. Unha moción non ten por qué ir á comisión antes, pero ben..., quero dicir, eu creo que, efectivamente, non era necesario presentala porque prescribe, polos cinco anos prescribiu, e prescribiu, e todo queda como estaba antes, efectivamente, xa está, nin hai que notificarlle a Reganosa nin nada. Reganosa e Forestal saben perfectamente que teñen caducado iso, e despois tamén outra cousa, nós temos aquí un punto que metemos fóra da orde do pleno que é a revisión do Plan; entón, en todo caso, ao mellor aí varían tamén as cualificacións do chan e todo iso; entón, iso, en fin..., creo que non ten nin debate isto aquí. En todo o caso, como todo o mundo ten dereito a expresar a súa opinión pois hai que darlle a palabra. Entón, Juan, ti mantés o mesmo que dixeches, non?

Sr. Fernández Ameneiro: Non, eu crin..., antes de que empezara o pleno se tiña falado de si podía levarse a unha comisión e que se aprazara, pero vexo que estaba equivocado e entón retiro o que dixen.

Sr. Alcalde: Ben, grazas. Ten a palabra o portavoz do BNG.

Sr. Bouza Rey: Eu pouco máis teño que dicir, porque xa explicou o alcalde, o que si é dicir que nós imos votar favorablemente a moción.

Sr. Alcalde: Sr. Juan Domingo, ten vostede a palabra.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, simplemente, imos ver, nós sabemos, efectivamente, que caducou o convenio, pero nós creemos, en todo caso, que é unha nova oportunidade para reconducir as relacións de inversión que deben corresponder a Reganosa e Forestal por un motivo, dado que hai algunha serie de inversións que se consideraron e dado que aínda estamos a tempo de reconducir as relacións con estas dúas empresas, eu creo que o que hai que facer é reconstruír de novo, pero eu creo que é unha iniciativa que debe tomar Reganosa en todo caso, si é o que quere facer. Eu creo que o Concello debe aproveitar un novo convenio que se poda suscitar para esixir convenientemente que cumpra cos acordos; é unha oportunidade para que o Concello..., ben, é unha nova oportunidade para investir en novos desenrols e novos proxectos para Mugardos nos que se poden implicar perfectamente. Non teño máis que dicir.

Sr. Alcalde: Grazas sr. Juan Domingo. Ben..., dicir que os convenios se forman entre dúas partes e non obriga a ninguén a que se cumpran, se fan unhas cláusulas, ao inicio hai unha

compensación de tanto, á aprobación definitiva hai tanto, e se non queres facer a aprobación da modificación pois non estás obrigado a nada, renuncias a todo o demais e deixas aí. En todo caso, eu dicir que a moción non é necesario presentala porque xa por lei quedan derogados eses convenios e, polo tanto, a situación do terreo queda como estaba antes, como está recollida no plan.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Imos ver, nós somos plenamente conscientes de que volve á cualificación que tiña no ano 99, que grazas aos informes citados anteriormente non se puido dar a ampliación que estaba contemplada neses dous acordos no oeste e no sur, e, en todo caso, cando veña o novo plan ou a revisión do plan xeral cada grupo terá a posibilidade de en calquera punto do territorio municipal de Mugar dos propoñer a cualificación que considere oportuna, eu creo que ese é outro paso, pero para nós era importante, aínda que xa eramos conscientes de que os trece concelleiros íamos ver que os convenios estaban devidos e que, polo tanto, non eran xa vixentes, que se votara polo menos a comunicación sabendo que Reganosa e Forestal así o saben.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por nove votos a favor (4 BNG, 3 PSOE, 1 EU-IU, 1 IPM) e tres abstencións (3 PP), acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, segundo texto obrante no expediente, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Comunicar ás empresas Forestal do Atlántico S.A. e Regasificadora do Noroeste, S.L., que se produciu unha caducidade devida nos Convenios entre o Concello de Mugar dos e as empresas Forestal do Atlántico e Regasificadora do Noroeste S.L. para a ampliación oeste e sur do Solo Urbano Industrial de Punta Promontorio. Polo tanto, xa non teñen vixencia.

2.- O Concello de Mugar dos, dado que se produciu unha caducidade devida dos convenios entre o Concello de Mugar dos e as empresas Forestal do Atlántico e Regasificadora do Noroeste, S.L., renunciará ós trámites para modificar a cualificación que marca o P.X.O.M. nos terreos afectados polos citados convenios, e seguirán tendo a mesma cualificación que no P.X.O.M. do ano 99. É dicir, Solo Urbano, Solo Rústico de Protección de Costas, Solo Rústico de Protección de Patrimonio e Solo de Sistemas Xerais de Espazo Libre.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 21,00 h. auséntase da sesión o concelleiro sr. Fariña Doval.

10.- MOCIÓN DE EU-IU SOBRE DEROGACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 17 DE XUÑO DE 1939, DE NOMEAMENTO DE ALCALDE HONORARIO DE MUGARDOS DO DITADOR D. FRANCISCO FRANCO BAAMONDE.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver si por esta vez, e dado que o Parlamento está debatendo a lei da memoria, e dado que é a terceira vez que intentamos que veña a pleno; unha vez veu a pleno, que foi o 30 de xuño do ano 2006, é dicir, da corporación anterior, na que se acordaba, a petición de Esquerda Unida que se estudase detidamente se no período democrático se tiña derogado o acordo do 17 de xuño do ano 39, que nomeaba a D. Francisco Franco Baamonde alcalde honorario deste Concello, iso ratificouse o dez de xullo do ano dous mil seis pola arquiveira do Concello pero, ata día de hoxe, a pesar de que Esquerda Unida plantexou outra moción no ano 2007, o 14 de abril, que non foi incorporada ao pleno na corporación anterior, agora queremos que o pleno, creemos que é un momento importante, incluso polo

contexto socio-político que hai, que acorde que o ditador D. Francisco Franco Baamonde deixe de ser alcalde honorario deste Concello, derogando o acordo da sesión plenaria de 17 de xuño de 1939.

Sr. Alcalde: Palabras? Ten a palabra o portavoz do grupo popular.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós o que imos dicir para que quede constancia é que imos apoiar a moción e, por outro lado, non imos entrar en debate porque non é unha cuestión a debater a estas alturas do século XXI. Entendemos e imos facer unha serie de apreciacións, entendemos sen máis que isto configura unha das moitas anécdotas do pasado, que isto a día de hoxe pode configurarse como anecdótico en canto que ninguén pon en dúbida que Francisco Franco xa non sexa alcalde honorífico deste Concello, eu creo que ninguén cuestiona esas cousas a día de hoxe. O que pasa é que máis alá do trasfondo da moción, en canto á memoria histórica, etc., etc... nós creemos que o pasado que os españois quixemos esquecer, quixemos mirar ao futuro e queremos mirar ao futuro non ao pasado dende o pacto que fixemos no ano 78 coa nosa Constitución, na cal se quixo pasar páxina sobre os horrores do pasado superando o odio e a carraxe, non se pode nin debe intentar reescribir o pasado porque ademais de imposible non fai máis que entorpecer o futuro. Franco morreu, non o resuciten unha e outra vez. Gustaríanos debater con vostedes problemas do futuro, do futuro de Mugaros, que é para o que fomos elixidos; polo tanto, non estamos dispostos a perder máis tempo do necesario con algo co que estamos, con diferenzas de forma, de acordo no fondo. De todas maneiras as ditaduras son ditaduras aquí ou en calquera outro lado do mundo, algunhas pintadas de legalidade pero igualmente carentes de lexitimidade. Por elo entendemos e queremos sumar un punto a esta moción, referida precisamente a condenar todas elas, as de onte e as de hoxe e lémbrolle que foron moitos os ditadores mundiais, lle vou nomear uns, Gadafi, Ceausescu, Pinochet, Milosevic, Hitler, Stalin, Mao Tse Tun, Mussolini ou Fidel Castro, entre outros moitos; polo tanto, gustaríanos engadir un punto a esta moción que entendemos que será de unanimidade, como non pode ser doutra maneira, e é que a corporación municipal condena todos e cada un dos réximes ditatoriais, sen distincións, que vulneran..., pois só fan vulnerar os dereitos máis fundamentais. Con esa apreciación máis universal eu creo que todos podemos sumarnos a isto e condenar a ditadura alí onde estea, antes e despois. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Juan Domingo. Pediu a palabra o portavoz do BNG, lle vou dar a palabra o portavoz do BNG.

Sr. Bouza Rey: Eu non sei a qué ven este discurso, eu vin a debater aquí unha moción de Esquerda Unida de quitar a un señor, aínda por riba paisano, de aí do lado, de que era alcalde honorífico e hai que quitarlle, penso, iso; eu penso que, e ademais coincido co PP, que recordar aquí a fame do mundo..., eu veño a debater unha moción, e imos votar a favor desa moción, porque non queremos entrar no debate tampouco de que, ben, a historia é a historia, estamos no século XXI pero a historia pois ten ou tivo moitas débedas con outros que non eran nin caídos dun lado nin caídos doutro, pero ese é un debate no que non queremos entrar, eu penso que a moción está clara e ímonos centrar nesa moción e votar a favor.

Sr. Alcalde: Vas pechar? Antes de pechar eu quixera dicir tamén unhas palabras. Por suposto que vou votar a favor desta moción presentada por Esquerda Unida, pero teño que dicir

tamén que, como sempre, chega tarde. Chega tarde porque se puido ter feito, aquí neste concello houbo unha maioría absoluta do partido comunista e non se quitou o título de alcalde honorario de Mugardos a Franco, pero benvida sexa esta moción de hoxe e, xa digo, vou votar a favor porque considero que non debe ser ese título de alcalde honorífico de Mugardos pero, xa digo, a memoria se recuperou bastante tarde.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu só vou facer dúas reflexións, non vou entrar en moita polémica, uns chegamos tarde e outros non chegan nunca, esa é a diferenza, vale máis chegar tarde que nunca.

En todo caso, eu creo que para mirar ao futuro non é que haxa que coñecer o pasado, e que hai que superalo e o PP non superou a súa herdanza da ditadura, dende logo que non, e parece mentira que alguén tan novo sexa capaz de dicir o que dixó, cualificando a ditadura de anécdota do pasado. Eu creo que as súas palabras se cualifican, eu non vou responder, espero que a súa intervención a garde durante moitos anos, e a lembre durante moitos anos e por esa intervención sexa lembrado non só polas vítimas do franquismo senón polas xeracións posteriores a vostede, que verán como os concelleiros deste Concello son incapaces de votar unha moción. En todo caso, Esquerda Unida contribúe con esta moción ao futuro de Mugardos, non só os debates anteriores son aos que ten que axudar o partido popular a sacar as súas mocións adiante, como a de San Xoán, senón que contribúe sempre coas súas aportacións ao futuro de Mugardos, nós nos congratulamos de que a moción vaia ser aprobada e que finalmente o ditador deixe de ser o alcalde honorario deste Concello e a outras cousas esperamos chegar máis antes que tarde. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Pilar, iso espero.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Eu o que non considero é que sexa de recibo o que acaba de dicir Esquerda Unida. Non é certo, Pilar, eu non estou defendendo a Franco nin moito menos e che adiantei que iamos votar a favor porque consideramos que é un tema no que xa estamos todos de acordo no século XXI. A anécdota non o dixen porque fora Franco ou non, a anécdota a dixen porque é unha anécdota que revises ti dende o 39 os expedientes do arquivo municipal. Esa é a anécdota, e vou ser lembrado non sei por qué, pero nós e o PP está en contra totalmente do franquismo. Eu quero que lle quede moi claro a Esquerda Unida e a toda a xente que está aquí que condenamos explicitamente todo iso, pero tamén condenamos todas as ditaduras que hai, a ver cando vostede condena a Fidel Castro, e a que hai en Cuba e noutros países de réxime comunista. Nada máis iso, simplemente, temos condenado o franquismo e o seguimos facendo; polo tanto, sexa eu lembrado ou non non trascende, oxalá sexamos recordados, a corporación, por facer algo positivo para Mugardos dunha vez por todas, simplemente, e non vou contestar ao que me poda dicir porque por respecto, porque non creo que este tema sexa debatible, por todo o que poida dicir despois.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu só vou a..., nin sequera lle vou contestar, como son tal fiel militante lle vou remitir a que vexa o vídeo do programa “Tes unha pregunta para min”, á resposta que fixo Llamazares á mesma intervención que fixo vostede neste momento e, polo tanto, xa non vou intervir e tamén vou dicirlle ao resto da xente que pode ler as declaracións de Mayor Oreja para que se vexa vostede reflectido.

Sr. Alcalde: Grazas, sen máis debate, sometemos a votación a moción.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, segundo texto obrante no expediente, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Que o ditador D. Francisco Franco Baamonde deixe de ser Alcalde honorario deste Concello, derogando o acordo da sesión plenaria do día 17 de xuño de 1939.

11.- MOCIÓN EU-IU: RECLAMACIÓN Á ADMINISTRACIÓN SANITARIA DA CREACIÓN DUN EQUIPO DE SOPORTE DE ATENCIÓN DOMICILIARIA.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Para ser positivos para Mugardos, como ve variamos os temas e esta vez vai de sanidade, industria, memoria, sanidade, ves? Entón, eu creo que é fácil, é dicir, a fin de evitar o desprazamento do enfermo, conseguir apoio psicolóxico para as familias que teñen un enfermo, fundamentalmente de enfermidade psicolóxica e con todo tipo de enfermidades que necesiten coidados paliativos, agora mesmo a residencia o ten implantado ao lado, pero ten unha distancia de 20 minutos co cal Mugardos non entra. Nós reclamaríamos á administración sanitaria, á xerencia unitaria da área sanitaria de Ferrol, a creación do equipo de soporte de atención domiciliaria que evitaría os constantes desprazamentos e prestaría apoio ás familias, que se dea traslado á xerencia única e que, polo tanto, que se poda chegar a un acordo. Se non é así, que, aínda que non está contemplado, como indicación, se non pode ser a creación deste equipo de soporte de atención domiciliaria por parte da xerencia única da área sanitaria de Ferrol que si amplíen o radio superior aos vinte minutos para que Mugardos, polo menos, poida entrar dentro dese servizo da área.

Sr. Alcalde: Ben, hai palabras sobre este tema? Ten a palabra a presidenta da comisión de asuntos sociais.

Sra. Díaz Prados: Boas tardes a todos e a todas. Dicir que nós imos votar a favor deste, vou volver levalo por segunda vez á xente da Xerencia de procesos, que é alí, esta semana mesmo falaba deste tema con ela, falara anteriormente xa, tanto con ela como coa delegada de sanidade e, evidentemente o que hai a disposición agora simplemente está implantado en Ferrol e Narón, e a resposta que tiven por parte dela foi que Mugardos non entraba dentro destes plans, non por ningún motivo especial senón simplemente porque non hai persoal. Entón o levarei á próxima reunión que teño con ela o día 30 deste mes sen ningún problema.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós tamén nos temos informado do tema. Certamente existe unha falta de persoal importante, sobre todo para cubrir un servizo tan fundamental como este, e tamén houbéramos querido que nos presupostos da Xunta se contemplaran partidas para estas cousas. Certamente imos apoiar esta moción, como non pode ser doutra maneira, porque non miramos de quén ven, senón que a idea é boa para Mugardos tamén, e entón é agora o P.P. o que lle da os votos a Esquerda Unida, curiosamente, pero sen ánimo de..., simplemente para restar un pouco de tensión ao tema, que non o esixe. Nós imos apoiar, loxicamente, o que sexa bo, neste caso nos parece moi procedente a moción e un servizo moi necesario que esperamos que nalgún momento se leve a cabo, sexa quen sexa. Conten co noso apoio para sacar adiante a moción.

Sr. Alcalde: En todo caso a moción sirve para reiterar unha vez máis as xestións que xa fixo o goberno diante da Dirección Xeral do Sergas e por iso a imos apoiar tamén porque creemos que é necesario contar con eses servizos.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, segundo texto obrante no expediente, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.-Reclamar da administración sanitaria, xerencia única da área sanitaria de Ferrolterra, a creación dun equipo de soporte de Atención Domiciliaria. Unha equipa integral, integrada na rede asistencial, sectorizado por área e dentro da área, sen límite de km. para desprazamento, coordinado entre o hospital e atención primaria, formado por equipas mutidisciplinares e multiprofesionais.

2.- Que se dea traslado á Xerencia Única da Área Sanitaria de Ferrolterra.

12.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS CONSELLOS ESCOLARES.

O Pleno da Corporación dáse por informado do nomeamento - mediante a Resolución da Alcaldía núm. 632/2007, de data 10 de outubro de 2007 - de representantes nos Consellos Escolares tal e como figuran no expediente, ao que se deu lectura polo sr. Alcalde.

13.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 576/2007 Á 652/2007.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da alcaldía núm. 576/2007 á 652/2007, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

14.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE RELATIVA AO DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO E REGANOSA PARA A CONSTRUCCIÓN DO MUSEO ARQUEOLÓXICO.

Sr. Fernández Ameneiro: Non vou ler toda a moción, todo o relatorio, simplemente vou expoñer o resumo da moción, non?

Hai cinco anos que se asinou un convenio entre o Concello de Mugardos e Reganosa para construción dun centro de interpretación arqueolóxica e catro anos en que o restos do xacemento de Caldoval están depositados nunha carpa en condicións precarias e, polo tanto, dende o grupo municipal socialista propoñemos a seguinte moción:

1.- Ante o abandono total do Alcalde Xosé Barcia e o goberno municipal do BNG, incapaces de desenvolver un convenio asinado hai máis de 5 anos, demandamos a construción inmediata do Centro de Interpretación Arqueolóxica e traslado e posta en valor dos restos arqueolóxicos do xacemento romano de Caldoval, en virtude do convenio asinado no ano 2002 entre o Concello de Mugardos, a Consellería de Cultura e Reganosa.

2.- Instar á Consellería de Cultura que adopte cantas medidas sexan necesarias para desenvolver o devandito convenio así como a levar a cabo as actuacións precisas a prol de garantir a preservación do patrimonio arqueolóxico de “O Caldoval”, asegurando a axeitada ubicación dos

restos arqueolóxicos en debidas condicións de seguridade, o coidado e protección dos mesmos así como a exposición pública, dotada das garantías precisas, como elemento dinamizador do patrimonio e cultura de Mugaros.

3.- Desenvolver as actuacións precisas para proceder á adquisición do edificio da “Fábrica da Luz” (O Seixo), co fin de destinalo á construción do Centro de Interpretación Arqueolóxica, que xunto con futuras intervencións que agardamos se leven a cabo no asentamento romano de Noville, e o tan demandado pero nunca executado museo Bello Piñeiro, crearíamos unha rede cultural de primeiro orde no noso Concello.

Sr. Alcalde: Ben, palabras sobre este tema.

Sra. Cruz Fernández: Con referencia a isto, teño que dicir que fai pouco tempo solicitei a Patrimonio, a Santiago..., hai unha parte, a parte máis importante do que se escavou alí, está inventariado en Santiago agora mesmo e solicitei que mandaran información ao Concello das características do xacemento, de todo o inventariado e do que hai debaixo da carpa, porque a día de hoxe eu o descoñezo, o que queda debaixo desa carpa, e iso, que nos escribieran, e o xacemento, o que alí se atopou e as recomendacións para o futuro museo, en canto a inversións e en función do solicitado xacemento, ou sexa que no esquecemento ese convenio non está.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu que aínda non teño definido o voto, en todo caso, por empezar polos acordos, non vou defender a actuación do alcalde, Xosé Barcia, pero creo que non debe constar no acordo porque, en todo caso, é da parte expositiva, si se considera nefasta, boa ou peor ou malísima, porque supoño que o acordo haberá que remitilo a algún lado e non creo que sexa o máis procedente. En todo caso na exposición de motivos ou aquí, publicamente, se defenden eles sós, pero eu creo que, por si chegara a votar a favor, eu creo que non debe de constar.

En todo caso, o partido socialista eu creo que non empeza ben con esta moción, é dicir, entregala hoxe ás doce da mañá non é bo, e si seguimos o mesmo argumento que temos utilizado outras veces votaríamos en contra sen debatela, porque é de calado, sobre todo polo punto 3. Eu non sei si o resto dos grupos municipais teñen que consultar a alguén a proposta de calado pero Esquerda Unida si, e o punto 3 fai unha proposta concreta para un edificio, e entón eu creo que si é unha proposta de calado. Entón, eu non sei si pedirlle ao partido socialista que a retire ou esperar ao debate.

Na exposición de motivos o que fai é un relatorio das diferentes normas transcritas literalmente, cambia algunha das fechas pero as transcribe literalmente, e aínda así eu teño algunhas diferenzas de interpretación dos documentos que se transcriben. No primeiro, eu creo que non é certo que en virtude do convenio asinado no ano 2002, aínda que fora alcalde Ramón Toimil e eu compartira goberno, entre o Concello de Mugaros e a Consellería de Cultura e Reganosa polo cal da orixe ao centro de interpretación, eu creo que non é certo, primeiro porque non está recollido en ningún convenio, segundo porque temos a circular do 09.08.2002 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que non está transcrita - eu non sei si oportunamente ou non para levar as flores do anterior goberno municipal, do anterior, do seu alcalde, suprime o anexo I, e o anexo I o di bastante claro, que son os condicionantes que lle pon a Consellería de Cultura para poder empezar as escavacións, remate da área de escavación, traballos de desmontaxe, montaxe dos restos seleccionados, último punto: proxecto museográfico onde primando criterios de rigor

científico facilite a comprensión didáctica do xacemento ao público en xeral, incluíranse as dotacións de infraestrutura e equipamento necesarios para unha correcta atención aos visitantes. A partir de aí se asinaron moitos documentos, como o que asinou Toimil cando estaba de alcalde, e como o que asinou Fernández Barcia cando era alcalde na corporación anterior, eu creo que hai moitos documentos, pero legalmente haberá que recoñecer que o centro de interpretación arqueolóxica non é en función de ningún convenio senón que é en función dun imperativo legal da Consellería de Cultura e, polo tanto, da Dirección Xeral de Patrimonio. E eu compartín goberno municipal naquel momento pero as cousas son como son. Polo tanto, eu creo que o punto un non ten validez, polo menos dende o meu punto de vista.

O punto núm. 2 que é instar á Consellería, eu creo que a quen se ten que instar é a Reganosa que é a quen legalmente lle corresponde. Cómo á Consellería de Cultura? A Consellería de Cultura non é a que ten que facer o centro de interpretación arqueolóxica, é Reganosa en función da obriga por levantar o xacemento arqueolóxico que había en Caldoval. En todo caso, supoño que dentro da lei 8/95, de Patrimonio Cultural de Galicia, na que se poñen as infraccións leves, graves, moi graves, a Consellería de Cultura terá que impoñer a sanción que lle corresponda a Reganosa, non só por non telo feito, non só por telo nunha carpa, non só por telo nunha casa onde entran roubar día si e día tamén, non só por facelos desaparecer e non só por non ter ningún control sobre eles. E tamén supoño que o Concello de Mugardos ao mellor ten algunha responsabilidade, dado que finalmente concedeu a licenza.

E por último, e terceiro, que é desenvolver as actuacións precisas para proceder á adquisición do edificio da Fábrica da Luz, eu sinceramente creo que os condicionantes os pon a Consellería de Cultura en canto medidas, superficie, condicións e demais e eu, que non lle quero mal á parroquia de O Seixo, teño as miñas dúbidas de que a fábrica da Luz do Seixo as cumpra, dúbidas razoables, e ademais eu creo que habería que precisar que, en todo caso, a adquisición a ten que facer Reganosa, porque ten que cumprir a lei. Reganosa ten que propoñer, en todo caso, ao Concello, este, este e este, e á Consellería de Cultura, e nós decidir.

Polo tanto, eu si estou interesada en que se axilice o centro de interpretación pero é que teño unha dificultade para poder votalo. Con toda sinceridade teño unha dificultade para poder votala polas conclusións. Entón, como eu non querría votar en contra, porque eu creo que ademais todo o mundo podemos estar na onda dado que, polos motivos que foran, que non imos volver a reiterar aquí in situ, pois parece que xa non pode ser, da súa conservación, da construción do centro de interpretación, pero que para min sería ese, o punto do acordo, e non ningún dos outros tres, que a verdade non sei qué pedides.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Certamente limos convenientemente a moción, máis alá do que se dixo xa, nós imos ir máis alá da esencia do que entendemos que o PSOE quería facer con esta moción. Sí é verdade que existe un defecto de forma en canto a esas consideracións que di Esquerda Unida, pero tamén é verdade que dado o calado que ten, en canto que se fai unha proposta moi concreta, nós, porque nos interesa o tema, e creo que como calquera outro grupo, antes de votar en contra nós imos entender, e creo que o PSOE tamén o entende así, que o leve a comisión, que o retire para que se leve a comisión, porque eu creo que si ben non queda ben explicado eu entendo que o fundamento da moción si que se entende, enténdese que existe un patrimonio arqueolóxico importante, que non se está facendo nada con él, e certamente si que é verdade que os gobernos anteriores claro que teñen responsabilidade, incluso nos que estaban vostedes, porque era o PSOE tamén. Cómo non van ter responsabilidade? Tiñan responsabilidade en canto que eu creo que Reganosa, en varias

ocasións, tiña intención e eu creo que ten intención, haberá que falar con Reganosa para sacar dunha vez iso de alí e facer algo positivo e un museo como debe ser. Certo é tamén que no punto 3 está delimitado claramente onde vai ser e Patrimonio debe delimitar as condicións de luz, de conservación, que debe de haber; polo tanto non consideramos que sexa non só ese lugar senón que teñen que darse as condicións adecuadas, e iso non o decidimos nós, o decide Patrimonio.

Nembargantes nós entendemos que é un tema que hai que levar canto antes, é un patrimonio importante e, polo tanto, o normal, entendéndoo como normal, que se pase á comisión de Patrimonio e alí expoñemos todos o que teñamos que expoñer, pero, sobre todo, darlle unha solución dunha vez por todas, non podemos divagar aínda máis, outros catro, cinco ou seis anos, pois fagamos algo xa, a ver si nos lembran por fin como a corporación que fai cousas aínda que veñan tamén dende estas filas. Nós apoiariámos calquera iniciativa que o PSOE faga sobre este tema na comisión e estamos abertos, loxicamente, a dar as nosas aportacións pero sen maior trascendencia. Nada máis.

Sr. Bouza Rey: Eu creo que as cousas cando se fan moi apuradas soen pasar estas historias porque, efectivamente, así como a outra moción que se vai discutir pois ten un prazo de cinco días, seis días, pois esta nos chamaba un pouco a atención, non? Pero ben..., parece que o PSOE arrancou co pistoletazo de saída nas eleccións que veñen aí, colle as consellerías exclusivas do BNG na Xunta de Galicia, e ao ataque, moi ben, pero ben... algo me adiantou Pilar, pero tamén lle teño que lembrar ao PSOE que nestes cinco anos de ineptitude de Xosé Fernández Barcia e máis dos que nos antecederon e máis dos que estamos aquí, resulta que ata o ano 2005 o responsable da concellaría de cultura pois era unha persoa do PSOE, claro, e estaba gobernando e nos sorprendeu tanto, tanto, e qué imos facer con isto. E eu tamén me sumo á proposta de, porque é a que iamos facer, de que se retire, que se leve a comisión e que, efectivamente, se busquen responsabilidades onde se teñen, e tamén co tema do Seixo podemos quedar moi contentos e moi felices no Seixo, eu, cando contemos mañá o primeiro punto, ou o segundo que tratamos aquí, e lle digamos que non teñen dereito a un parque porque din que viven na aldea pois a ver cómo o collen. Pero, dende logo, eu creo que mal empezamos no mes de novembro a mirar, porque, ben..., tamén hai outras consellerías que se podían falar, por exemplo, dos males e dos bens que teñen as beirarrúas por alí arriba, de que a culpa, ao final, case seguro, e o aseguro aquí que a vai ter o Concello, e hai outros responsables e máis ninguén nos encargamos de meter os ollos nos, ou sexa, os dedos nos ollos.

Sr. Alcalde: Ben, a ver, en todo caso eu creo que cada quen é libre de expresar a súa opinión aquí libremente e non se lle vai privar a ninguén de que o faga, non? O que pasa é que, querido Juan, hai que preparar as cousas ben, e aquí patinaches, patinaches porque non se asinou ningún convenio entre a Consellería de Cultura, Reganosa e Concello, nunca, oxalá se asinara ese convenio, polo tanto, esa é a primeira cousa, infórmate ben antes e despois ves aquí e dis as cousas, pero pretender votarlle toda a culpa ao alcalde de Mugar dos actual pois tampouco me parece ben porque os anteriores que estiveron gobernando, os vossos compañeiros, que ti non tes culpa, ata certo punto, porque politicamente si, eras o responsable da agrupación socialista de Mugar dos, polo tanto tes a túa responsabilidade tamén, eses non foron capaces de asinar nada, asinaron o convenio con Reganosa, ese si que o asinaron, o convenio urbanístico con Reganosa, e eu tamén o apoiei ese convenio, ese si que o asinaron, coa Consellería non asinaron nada, nin con Reganosa. Este alcalde que non fai nada si que asinou un protocolo, que é diferente a un convenio, pero hai un protocolo asinado entre Reganosa, a Consellería e o Concello, e che

recordo que as competencias que ten o Concello son mínimas, o único iso, xestionar, remitir, pero a competencia en patrimonio é da Xunta de Galicia, na Consellería de Cultura, e a Consellería de Cultura tampouco asinou ningún convenio con Reganosa, a Consellería instou a Reganosa a que ten que poñer en valor iso a cargo do seu diñeiro, nin máis nin menos, e, polo tanto, o que hai que facer é obrigarlle a Reganosa a que cumpra a lei á que está obrigado, nada máis nin menos, pero non é culpa do alcalde actual de Mugar dos porques xa che digo, os outros o único que asinaron foi un convenio con Reganosa e Forestal, non chegaron nin a asinar un protocolo de colaboración e de compromiso con Reganosa e coa Consellería para poñer en valor estas cousas.

Eu che quería dicir unha cousa e que non che pareza mal, non cha digo con mala intención nin moito menos, pero que cando se che moven, cando ás persoas lle moven os fíos por detrás pois xa sabes o que lle poden chamar a esas persoas; entón, procura informarte ben, coller documentación, lela, e cando estas ben informado o traes aquí, e claro que podes dicir o que queiras, pero axustarte ao que está realmente feito e de quen depende a responsabilidade. O Concello o único que pode facer é instar ou recordarlle á Consellería que obrigue a Reganosa, porque así o marca a Lei, a poñer en valor iso.

Ben, en todo caso, si queres seguir mantendo a proposta para que se vote, dende logo, evidentemente, nós non imos votar a favor do primeiro punto, evidentemente, nin do terceiro tampouco.

Sr. Fernández Ameneiro: En primeiro lugar quería dicir que os fíos parece ser que se moven cando o convenio, ou sexa, cando tocamos o tema do cine Zárata parece ser que non se movían os fíos por detrás, ou cando foi da addenda de Mahía, aí non se moveron os fíos, agora parece ser que si se moven os fíos. Eu quero manifestar que o grupo municipal socialista ten un criterio propio e non se deixa manexar por ninguén, non sei si todo o mundo pode dicir o mesmo, nós, polo de pronto, cando tomamos algunha decisión a tomamos baixo a nosa responsabilidade e non nos move os fíos ninguén, como dixer, nin nuns temas nin noutros.

O que si está claro é que Reganosa está obrigada a poñer un museo, incluso se recolle unha cantidade de 250 millóns de pesetas...

Sr. Alcalde: Eu non o vin.

Sr. Fernández Ameneiro: Eu si, na documentación que está aí, e está recollido 250 millóns de pesetas. E ben..., que esteamos en campaña, evidentemente eu creo que o Bloque non vai dar leccións a ninguén de cómo se actúa cando estamos en campaña ou cando non estamos en campaña.

Sr. Alcalde: Cho dixou Bouza, eu non o dixer.

Sr. Fernández Ameneiro: Eu non nomeei a ninguén. E ben..., o material que está na carpa desgraciadamente está nunhas condicións pésimas porque eu si me documentei, e contactei con arqueólogos e con xente que estivo vendo o material, está inventariado, incluso hai un informe da arqueóloga que realizou o traballo de escavación.

E por último dicir que eu aquí lle voto a culpa ao goberno actual porque é o que está neste momento e, evidentemente, eu incluso recollo nun dos puntos, onde pon instar, instar, á Consellería de Cultura para que adopte as medidas necesarias, non é a Consellería quen ten que

poñer o museo senón que para obrigar a Reganosa a que invista os cartos que ten que investir para facer o centro arqueolóxico. Levamos dende o 2002 e estamos no 2007 e non é que eu queira nin votarlle a culpa a uns nin a outros, o que é verdade é que nin hai os pasos dados nin para buscar a ubicación, nin para que se quite o material de onde está ubicado.

Sr. Alcalde: Sí que están os pasos dados.

Sr. Fernández Ameneiro: Ben, pois os demais non o sabemos, nin para que se quite o material que está nunha carpa nunhas condicións precarias, nin para que, en definitiva, se faga o centro de interpretación arqueolóxica que, me supoño, é o que queremos todos. De todas maneiras si os demais grupos consideran que este tema ten que pasar por comisión para debatelo, para estudalo e para entre todos buscar o lugar idóneo, nós tampouco nos imos opoñer a iso.

Sr. Alcalde: Ben, en todo caso che recordo que estudes ben o expediente e verás como hai pasos dados. Ben..., entón se retira a moción e pasa por comisión.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, vista á moción presentada polo grupo municipal de PSdG-PSOE, segundo texto obrante no expediente, acorda que o presente punto pase a estudio da comisión informativa correspondente.

15.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. REVISIÓN E ADAPTACIÓN Á LEI 9/2002.

Sr. Bouza Rey: Ben, esta esperamos que sexa máis relaxada porque como coincidimos todos na comisión e nas diferentes intervencións, isto se trata de que o 31 deste mes remata o prazo para poder presentar a subvención para adaptación do plan xeral e para a posible revisión do plan á lei do 2002 e do 2004, entón, pois ben..., aínda que despois de pedir a subvención e segundo o que nos concedan si é que nos conceden algo, empezárase a debater o que se quere cambiar e as propostas de todo o mundo, non? E deso se trata, de axilizar o tema para ver si mañá xa podemos ter todo pechado para enviálo á Consellería.

INCIDENCIA: Faise constar que neste punto, sendo as 21,40 h. auséntase da sesión o concelleiro sr. Varela Deibe.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós para distendir o ambiente, xa anunciamos que imos votar favorablemente, non sen antes facer unha serie de consideracións. Si antes lle dicíamos ao PSOE que non era forma traelo ás doce da mañá, eu creo que peor forma é traela ás doce menos cuarto para acollerse a unha convocatoria que saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o 24 de abril do 2007. É certo que acaba o prazo, por iso imos votar

Sr. Bouza Rey: Doce menos cuarto de onte?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Non, de hoxe pola mañá, eu non soño, hoxe pola mañá me deches estas copias, hoxe pola mañá, primeiro veu o alcalde e despois viñeches ti con estas fotocopias, ao mellor eran as once da mañá, non sei. En todo caso, hoxe pola mañá, non sei si as

once ou as doce menos cuarto, para algo que saíu publicado no Diario Oficial de Galicia do 24 de abril de 2007, e ademais cando varios grupos, non nós neste caso, pero si varios grupos tiñan interpelado sobre isto plenariamente, en comisión, e demais. Eu espero e desexo que concedan a subvención, que o Concello de Mugar dos poña o diñeiro suficiente no presuposto de 2008, para que se poida facer un bo traballo, rápido, áxil e que dea satisfacción non sei si a todos os grupos municipais, pero si satisfacción a todos os veciños e que podamos ter un plan xeral novo, non só adaptado á lei do 2002, seno un plan xeral que resolva as moitas contradicións que ten este e as moitas animaladas, entre aspas, que pode ter, polo menos dende o punto de vista de Esquerda Unida. Nós votaremos a favor.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, en primeiro lugar, despois do tirón de orellas que sufriu o portavoz socialista, inxustamente creo eu, eu creo que agora lle toca o tirón de orellas a vostede, sr. Bouza, qué lle imos facer? Ten que recoñecer vostede que lle toca a vostede. En canto que, como acaba de dicir Esquerda Unida, a subvención saíu o día 24 e eu creo que foi un lapsus, que vostede creu que era en novembro o prazo, cando finalizaba, e non é un tema que haxa que traer por urxencia, debería ter figurado na orde do día para un maior aproveitamento do tema. En todo caso, nós non nos imos cebar con vostede, nin eu dixen antes que fora chulesco, nin moito menos, eu creo que nese punto fomos bastante respectuosos con todos. Nós, loxicamente, imos apoiar, como non pode ser doutra maneira, a subvención, ou sexa, a convocatoria para solicitar a subvención e esperamos, en todo caso, que todo isto, que eu creo que estamos dando os pasos cara a modificar o plan na medida en que ten moitos inconvenientes que se tiveron que ir corrixindo en base a modificacións puntuais, eu creo que neste coincido con todos que son temas co suficiente calado para tratalos co tempo suficiente, e con este me refiro a que nas comisións abordemos os temas co tempo debido, porque eu creo que poden suscitar bastante debate. En todo caso, nada máis que iso, xa vexo que se levan vostedes ben e espero que na Xunta non se leven tan mal polo ben que nos ven a todos. En todo caso, apoiamos a moción pero co tirón de orellas.

Sr. Fernández Ameneiro: Ben, dicir a Juan Domingo que nos levamos ben aquí e na rúa; non ten maior importancia que teñamos unha discusión máis ou menos alterada.

Sí lle quería recordar ao concelleiro que no derradeiro mes o grupo socialista fixo unha pregunta de cándo tiña pensado o grupo de goberno solicitar a subvención para a modificación do plan de urbanismo ou para revisalo, e, como di Juan Domingo, tiroume das orellas por presentar unha moción de urxencia e resulta que un mes despois a presenta el, o último día e a toda presa, non? Nun tema da transcendencia da revisión do plan de urbanismo cando o prazo para a solicitude de subvencións para revisar o devandito plan pois xa está aberto dende o mes de abril. De todas maneiras, imos votar a favor.

Sr. Alcalde: Grazas, en todo caso dicir que estou contento porque todos os grupos van votar a favor, é algo que é necesario para Mugar dos, vexo que coincidimos todos, ademais creo que era unha promesa electoral de todos os grupos e, polo tanto, hoxe imos dar un paso importantísimo.

É certo que saíu publicado en abril, pero lle quero recordar tamén a todos os grupos, e non trato de xustificar, pero si trato de falar da realidade, nós fixemos a constitución do goberno no mes de xullo, no mes de xullo, aínda non estaban constituídas as comisións e tal, logo hai que contar que son meses de verán, de vacacións, e tamén contar coa deficiencia que tiñamos no servizo urbanístico do Concello, cunha persoa de baixa, con persoal contratado interino que chega, que aterra, que non sabe por onde anda e outra que tal, e o tempo pasa e, efectivamente isto seguramente

iría a comisión se non ocorrera a circunstancia tamén que ao arquitecto a muller lle deu a luz e colleu uns días deso. Pero ben, tampouco se trata de xustificar nin moito menos, eu creo que isto é o primeiro paso para poder, entre todos, facer un plan de urbanismo sostible en Mugar dos, este é o primeiro paso, é necesario facelo, imos aproveitar as subvencións que da a Xunta para facer este tema e quero dicir que aquí non discutimos, aquí debatemos.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar á Dirección Xeral de Urbanismo, ao abeiro da Orde do 20 de abril de 2007 (D.O.G. NÚM. 79, DE 24.04.07) pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, a concesión dunha subvención para a revisión e adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente á lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, e na contía que se especifica na solicitude obrante no expediente.

2º.- Prestar a súa aprobación á memoria explicativa.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Os Concelleiros e concelleiras que queiran intervir...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós imos facer dous rogos que teñen que ver co cumprimento da lei de bases do réxime local e son os dous rogos á alcaldía e por iso supoño que Juan Domingo tamén entenderá o por qué da explicación na moción. Paso a explicar primeiro un rogo e despois o outro.

1.- No pleno do 27 de xullo de 2007 se aprobou por unanimidade unha moción de Esquerda Unida sobre o cumprimento do convenio do Baño do ano 96 que tiña unha serie de acordos: que se comprobe na comisión de urbanismo o cumprimento; segundo, que se comprobe na comisión de urbanismo o cumprimento, tal, tal, tal, non a vou ler enteira.

Sr. Alcalde: Convenio do Baño do 2006?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Non, non, do 96, non fai falta que apuntes nada. No pleno do 31 de agosto de 2007 se aprobaba por unanimidade unha moción de Esquerda Unida sobre o servizo de transporte municipal; no pleno do 28 de setembro de 2007 se aprobaba por unanimidade unha moción de Esquerda Unida sobre a nave-almacén-garaxe; no pleno do 28 de setembro, tras suprimir o punto 3, se aprobaba por unanimidade unha moción de Esquerda Unida sobre a instalación de antenas de telefonía móbil, a súa regulamentación, tal, tal, tal, e hoxe creo que se aprobaron algunhas tamén, unhas por unanimidade e outras non sei exactamente, presentadas por Esquerda Unida.

O certo é que a día de hoxe, transcorridos diferentes prazos, ningunha das mocións que este pleno mandou e aprobou se teñen executado, polo menos ningunha pasou por comisión, nin se deu conta, nin se iniciou o debate, nin nada que signifique o cumprimento plenario.

Polo tanto, como alcalde presidente do Concello de Mugar dos rógolle que faga cumprir aos presidentes de comisións e, polo tanto, delegados seus, os acordos plenarios.

E, en segundo lugar, nos quedan preguntas por responder do pleno de agosto e do pleno de setembro, dado que o regulamento orgánico concede tres días para a súa contestación,

creemos que somos suficientemente xenerosos esperando a resposta, dado que estamos a vinte e cinco de outubro, as únicas contestacións que tivemos foron as do pleno do 27, por parte do sr. alcalde, que lle agradecemos a recomendación que nos fai para que eu poda dimitir como concelleira; en todo caso xa lle contesto que polo de agora non, cando o decida llo transmitirei ao seu debido tempo e que, polo tanto, tamén, se nos responda ás preguntas. E non imos facer máis non día de hoxe.

Sra. Gómez Díaz (que traducido di): Ben, boas noites xa, non? Imos ver, quero dar as grazas ou felicitar ao grupo de goberno ou a quen fixera iso na Fontegrande, parece que están poñendo quitamedos, imaxino que será para protexer aos peatóns, porque a beirarrúa está máis baixa que a estrada e claro... iso estábamos vendo que ía facer falta e o tedes visto a tempo e moi ben feito. Esperamos tamén que pronto adaptedes ou melloredes os accesos ás vivendas que aínda non están arranxados, e logo tamén os pediría que o camiño de Lousido que é un camiño que os nenos que van a pé o usan bastante, que se arranxe un pouquiño, que está de maleza, que está o chan moi mal, que hai que ir saltando de charco en charco, ben..., evitando os charcos porque se non se mollan moito e iso, que aínda hai nenos que van a pé e a ver si se lles pode arranxar un pouquiño. Nada máis, moitas grazas.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Simplemente son suxestións, non son preguntas para meterme con ninguén, podedes respirar tranquilos. Simplemente o outro día na comisión de urbanismo, sei que ao mellor non era procedente que fora a esa comisión se preguntou o tema da cámara agraria en canto que se presentou unha moción aquí que foi..., ben, se solicitou, e a nós nos pareceu procedente, retirala para ver que se ía facer alí e contemplamos que se ía discutir, perdón, debater, que aquí non se discute, debater aspectos importantes sobre ese punto, non se me contestou, entendo que ao mellor non é a persoa adecuada, en todo caso o alcalde, se nos pode deleitar dicindo os proxectos que ía facer na agraria de Franza, polo tanto, si é unha proposta ou si se vai debater en comisión, que se leve canto antes, si é que se quere facer algo alí. Que se leve, esa é a primeira pregunta.

A segunda pregunta, en canto ás consideracións que facía a miña compañeira das beirarrúas da Pedreira, home, o Concello ten algo que ver? Algo que ver ten, e ten algo que ver porque cando se falou do tema das beirarrúas falouse aquí de facer unha comisión de seguimento das obras, eu creo que isto xa se deixou no tempo, aprobouse e se deixou, como di a portavoz de Esquerda Unida, se deixou no esquecemento, e qué pasa cando se deixan as cousas no esquecemento? Que quedan os deberes pendentes de facer. Consecuencia? Hai un montón de vivendas na Pedreira que loxicamente teñen..., lles entra auga nos portais, e que non é directamente responsabilidade do concello, pero si que é responsabilidade do Concello apertarlle á empresa adxudicataria das obras para que faga as cousas como ten que facelas. E iso si que é responsabilidade do concelleiro de obras de persoarse alí, e si é necesario convocar unha comisión cos portavoces para dicir ou apertar á empresa adxudicataria para que se adopte algunha solución pois o facemos entre todos, pero sexamos valentes e digamos as cousas como son. As obras na Pedreira non están como deberan estar e non o estou achacando ao goberno municipal, estou dicindo simplemente que fagamos algo antes de que se abandonen as obras e non teñan maior repercusión.

Por outro lado tamén se falou do tema, o outro día, do Clube do Mar, o Clube do Mar ten graves problemas estruturais en canto ao tellado, etc., etc., se dixo que se ía mirar, de feito si é verdade que o concelleiro de obras foi por alí a retirar porque había un desprendemento

importante, polo cal o felicito, porque llo tiñamos dito e o fixo, pero hai graves consecuencias no interior e unhas fendas bastantes considerables. Non quero ser alarmista en canto que a estrutura poida estar deteriorada pero tampouco me vou cansar de dicilo, e o levo dicindo tempo, eu iría por alí, a apareladora que vaia por alí, faría un estudio, polo menos para prever incidentes maiores. Non ven de máis facelo, eu creo que coas choivas que van vir pode haber algunha cousa, Deus non o queira.

E simplemente tamén o tema da piscina que nós tiñamos comentado o outro día que hai piscinas que se aprobaron á mesma vez que esta, e aínda non se puxo nin a primeira pedra, nin a segunda nin a terceira. A ver si pegamos un pouquiño de espaldarazo ao tema porque xa ía inaugurarse este verán, o alcalde non vai poder inaugurala, ten que deixar o bañador para o verán que vén e así non vai poder ser. Mugar dos merece ter a piscina dunha vez, eu creo que está na súa vontade facelo pero non vemos nada, non vemos feitos, tampouco vemos explicacións nas comisións, por ver non vemos nada. Entón, home, non custa nada dicir que a culpa non é súa, pon a parir á empresa adxudicataria e todos contentos, pero poñan a parir a alguén porque o goberno municipal non ten culpa nunca, iso está claro. E ben..., xa nada máis, non quero tampouco aburrir demasiado, con que se faga isto me dou cun canto nos dentes. Grazas.

Sr. Alcalde: Afortunadamente a piscina é climatizada e se pode poñer o bañador en inverno senón é no verán, pero ben... en todo caso, non te preocupes que no inverno se pode poñer o bañador igual, e si é en inverno, benvinda sexa a piscina, o caso é que imos ter piscina, iso é o importante.

E ben..., referente ao Clube do Mar, eu penso que tanto o concelleiro anterior de cultura, Evaristo Deus, como o alcalde, fixemos varias xestións diante da Dirección Xeral de Deportes, do goberno que está agora, do goberno anterior, que era do seu partido e, como comprenderás, si queres facer algo no Clube do Mar de Mugar dos traes unha moción aquí e a ver si a aprobamos todos e poñemos unha partida nos presupostos para arranxar o Clube do Mar, porque iso de chegar aquí a ver si se fai algo, a ver si se fai algo..., falando non se fai nada, en política temos que ser consecuentes e a consecuencia quere dicir que hai que poñer un diñeiro, facer un presuposto, cánto vale iso, e logo nos poñemos todos e si consideramos que esa é a prioridade que o Concello, en vez doutros organismos e outras administracións, como pode ser a Deputación ou como pode ser a Xunta, que teñen que poñer diñeiro para facer iso..., agora, se preferimos poñer nós o diñeiro e non xestionar nada non imos a ningunha administración, aquí o decidimos, oe, aquí hai que investir tanto, ras, presupostos, aprobado por unanimidade, xa está, esa é a forma de acabar dunha vez por todas cos problemas que ten o Clube do Mar, pero o que temos que facer os políticos tamén é que esas administracións que teñen responsabilidades nesa materia, que cumbran, e, en todo caso, imos todos aí, xa puidemos ir tamén cando estaba o seu partido, porque eu fun só, e o concelleiro de cultura anterior. Non hai ningún problema, xa che digo, aquí partida e adiante.

E ben, o tema da cámara agraria, qué se vai facer? Pois home, intentamos reunirmos, xa nos reunimos coa asociación de veciños de Franza e lle preguntamos a eles qué é o que querían facer con iso porque son os que directamente van usar ese local, os veciños e veciñas de Franza e iso se fixo unha xestión diante da Consellería de Medio Rural, en Agader, e estase na posibilidade de que a propia consellería faga unha actuación, contratando ela, posiblemente antes de que remate este ano, unha actuación que van ser arredor de 60.000 euros, antes de que remate este ano. Polo tanto o goberno non está quieto, o goberno se move.

E con respecto ás beirarrúas, que non está aquí o concelleiro pero é igual, nós non temos que apertar a ningunha empresa, nós temos que apertarlle á Xunta en todo caso, que é a concesionaria desa obra, a que licitou esas obras, nós lle temos que apertar á Xunta, a empresa fai o que lle di a Xunta, non o que lle digamos nós. Ben... en todo caso, non é culpa da Xunta, é culpa de..., si fixeron algunha cousa mal, nós llo temos que dicir á Xunta, non ten por qué ser culpa da Xunta.

Ben, se levanta a sesión, boas noites a todos e a todas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as 22,00 horas minutos do día ó comezo sinalado, pola Sr. Alcalde levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario da Corporación, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,